- Participación no Programa Edumotiva a través do cal se reciben a nenas e nenos de centros escolares e institutos, e se imparten charlas divulgativas nos propios colexios.


- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Charlas a nenos en centros escolares e institutos.
- Participación no programa de maiores da Universidade de Vigo.
- Publicacións en revistas de divulgación científica.
- Participación de varias/os investigadoras/es en actividades divulgativas como “Pint of Science” (14-16 maio 2018).
- Presentación de traballos en congresos.

Co fin de promocionar o CINBIO como Centro Singular, a nivel internacional sobre todo, financiouse a asistencia a congresos punteiros en diversas áreas onde os nosos investigadores realizaron relatorios ou ben presentaron pósteres. Destacamos:

- 5th International Conference On Food Digestion. Rennes (Francia).
- 11th International Conference On Practical Applications Of Computational Biology & Bioinformatics. Porto (Portugal).
- Nanoworld Conference 2017. Boston (USA).
- European Human Genetics Conference. Copenhagen (Dinamarca).
- V Congreso Iberoamericano De Peloides. Badajoz (España).
- 40 Congreso De La Sociedad Española De Inmunología. Zaragoza (España).
- 17 National Congress Senc. Alicante (España).
- VII International Conference On Environmental, Industrial And Applied Microbiology. Madrid (Spain)
- Embl Conference: Cancer Genomics. Heidelberg (Alemania).
- Estrategias En Bioseguridad Y Biocontención. Barcelona (España).

Algúns dos nosos investigadores participaron, a título persoal, en diversas actividades entre as que destacamos:

- Finalista dos EU Prize for Women Innovators. 2017 Prof. África González Fernández. Proxecto presentado como promotora da spin off Nanoimmunotech.
- Prof. José A. Lamas foi invitado a unha conferencia de expertos co premio Nobel Erwin Neher no Museo Nacional de Ciencia y Tecnología (A Coruña).
- CorBI Foundation, Citizen Science Conference in MUNCYT A Coruña. Prof. África González.





Centro Atlántico de Investigación en Tecnologías da Información e Comunicacións (AtlanTIC)

Introducción

AtlanTIC é o centro de investigación en Tecnologías da Información e Comunicacións impulsado pola Universidade de Vigo (Galicia, España). Asentado no campus universitario vigués,atlanTTic desenvolve a súa actividade científica no ámbito da privacidade e a seguridade, as tecnoloxías multimedia, as redes de datos, os e-servizos, a bioenxeñaría, o radar, as comunicacións por satélite e, en xeral, as comunicacións radio e ópticas. Con máis de 160 profesionais, leva a cabo un intenso labor investigador e de transferencia, cunha participación xa consolidada en proxectos H2020, diversos premios e recoñecementos ao seu labor, e distinguidos membros/as dalgunhas das academias e sociedades científicas e profesionais máis recoñecidas.

O centro en cifras

As cifras do centro avalan a súa excelencia. Durante o ano 2017 estos son os indicadores máis importante, que nos permite conformar unha imaxe da súa dimensión.

| CAPACIDADES | |
|----------------------|-----|
| Persoal investigador | 166 |
| Posdoutorais | 13 |
| Predoutorais | 42 |
| Persoal técnico | 38 |

| ACTIVIDADE INVESTIGADORA E PRODUCCIÓN CIENTÍFICA | |
|--|---------|
| Fondos I+D (ingresos anualizados) | 3,03 M€ |
| Total publicacións (WoS ou Scopus) | 121 |
| Publicacións Q1 | 37 |
| VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA | |
| Contratos activos | 39 |
| Ingresos contratos I+D e transferencia | 1,5 M€ |
| CARREIRA CIENTÍFICA | |
| Alumnado matriculado no programa DocTIC | 42 |
| Teses presentadas (2017) | 10 |

Áreas de investigación

A actividade investigadora no centro divídense en áreas de investigación. De maneira concurrente a división existente por grupos de investigación estímase necesaria unha división temática que reúne as competencias dos diferentes grupos en zonas de traballo común. As áreas de investigación son:

- Seguridade e privacidade
- Análise de sinais biomédicas
- Redes de datos
- Tecnoloxías multimedia

- Comunicacións espaciais
- Radar e teledetección
- Servicios electrónicos
- Comunicacións radio e ópticas

As capacidades

Dentro das capacidades, no que atende ao persoal investigador, convén salientar os seguintes datos no 2017:

- 1 investigador postdoutoral Ramón y Cajal.
- 2 investigadora postdoutoral contratada por Juan de la Cierva. Un no modo formación e outro incorporación.
- 2 investigadores/as postdoutorais contratados polo programa Posdoc da Xunta de Galicia.
- 8 investigadores/as postdoc contratados con cargo os proxectos e contratos I+D acadados.

O centro conta con equipo de persoal técnico e administrativo propio composto por 6 persoas.

Actividade investigadora e produción científica

O ano 2017 foi un ano onde se acadaron proxectos I+D por valor de 4,5 millóns de euros. Estes son algúns dos proxectos internacionais mais representativos logrados polo centro durante este ano:

- (SUDOE) LIFETEC: Detección temperá de lumes.
- (POCTEP) Nanoeaters. Transferencia e valorización de nanotecnoloxías a PEMES innovadoras.
- (IGNICIA) Proxecto UBISMART.
- (IGNICIA) Proxecto XHS Platform.
- (SUDOE) Proxecto FIRE-RS.
- (EASME) Proxecto Litterdone
- (ERASMUS +) ELEMEND
- (ERASMUS+) AUDITUM
- (H2020) UP2U: UP TO UNIVERSITY – Bridging the gap between schools and universities through informal education.

No que respecta a produción científica o centro mellorou a calidade das publicacións dende o 2016 ó 2017, acadando un bo equilibrio entre o número de publicacións (WOS ou Scopus) anuais, 121, e a calidade destas, 37 papers no primeiro cuartil e 17 no primeiro decil.

Valorización e Transferencia

No eido da valorización de resultados e transferencia tecnolóxica o centro xa ten un longo percorrido durante o que logrou afianzar lazos e conformar relacións de confianza con distintas corporacións. Algunhas desas entidades que confiaron no centro no 2017 son:

- ESA (European Space Agency)
- Navantia
- Ministerio de defensa
- Gas Natural Fenosa
- Televes
- Gradient
- Imatia
- Optare Solutions
- Quobis
- Indra

Ademais dos datos (xa comentados) que referendan esa posición (39 proxectos activos e 1,5 M€ captados) está a capacidade de creación de spin-offs. Durante o 2017 creouse 1 spin-off baseada nos resultados da investigación co centro levou a cabo durante os últimos anos. A empresa é:

- Circadian Ambulatory Technology & Diagnostics S.L.

Divulgación

A divulgación é unha actividade necesaria de cara a dar a coñecer os resultados obtidos no centro. O 2017 foi un ano onde se fixeron distintas actividades, entre as que destacamos:

- ICIAP 2017: Conferencia plenaria de Fernando Pérez.
- Conferencias plenarias de Ramón Hermida en distintos congresos.
- II Quantalab Workshop INL Braga: Impartido por Marco Curty.
- Seminario: Medindo el impacto científico enatlanTTic.
- Seminarios de comunicación e criptografía cuántica.
- Xornadas de seguimento ao estudantes do programa de doutorando.
- LPRO days: Difusión de proxectos feitos por alumnos da materia Laboratorio de proxectos.
- Cooperación no Workshop Galicia 2017.
- Seminarios dentro do marco DocTIC.
- Visitas dos diferentes institutos da zona ó centro.
- Colaboración coa cátedra Deloitte.



Xénero


O desequilibrio en cuestións de xénero nas STEM é un problema ben coñecido no que a sociedade está traballando. Actividades coma enxeñaría non son unha excepción no que respecta as baixas taxas de investigadoras. As porcentaxes de investigadoras en postos de liderado no centro son dun 13 %, e en investigación (predoutoral e postdoutoral) ascende a 21 %.

Carreira científica


AtlanTTic colabora co programa de doutorado internacional DocTIC co obxectivo de formar aos mellores profesionais e investigadores no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación, xerar investigación de calidade e impacto internacional, e proporcionar á industria profesionais con coñecementos avanzados que lles permitan mellorar a súa competitividade a escala global.


O programa de doutorado conta actualmente con 42 teses dirixidas e no último ano (2017) e léronse 10 teses.





Organización Administrativa





Vicerreitoría do Campus de Ourense - Campus da Auga

Consello de Campus de Ourense, xuntanzas:

| ORDINARIAS | EXTRAORDINARIAS |
|------------|-----------------|
| 11/12/2017 | 14/3/2018 |
| 14/3/2017 | 12/9/2018 |
| 12/9/2018 | |

Campus da Auga

- II Symposium Internacional de Termalismo e Calidade de Vida, cunha asistencia de 232 congresistas e 93 comunicacións científicas. Publicación do libro de actas do II Symposium Internacional de Termalismo e Calidade de Vida (Edición electrónica).
- Xornadas de Portas Abertas do Campus da Auga e Concurso Foto-Relato Scholaris. Aproximadamente uns 240 alumnos e alumnas de educación secundaria e bacharelato visitaron e participaron activamente do proxecto Campus da Auga, nunha xornada na que se fallaron os premios do Concurso de foto-relato Campus da Auga Scholaris.

- Gala de entrega da I Edición dos Premios de investigación, transferencia, innovación educativa e divulgación científica do Campus da Auga, cuxa finalidade é recoñecer e estimular accións relevantes nestes eidos, que contribúan á promoción do Campus de Ourense - Campus da Auga.
- VII edición de Aquae Talent Hub, unha plataforma de impulso a novas ideas; un espazo de reflexión e divulgación sobre emprendemento e innovación. Arredor de 400 membros da comunidade universitaria participaron neste evento.

Programa de doutoramento

Botouse a andar o programa de doutoramento do Campus da Auga “Auga, sustentabilidade e desenvolvemento”, ofertando 25 prazas. Na comisión académica participan representantes de todos os centros do Campus de Ourense, así como autoridades académicas do Instituto Politécnico de Porto e da Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro.

- Inauguración do Edificio do Campus da Auga
- Lanzamento do programa RISC_Miño_Limia, enmarcado no Programa INTERREG 2014-2020 “Prevención de Riesgos de Inundaciones y Sequías en la Cuenca internacional del Miño-Limia”
- Publicación da Memoria 2014-2018 Campus de Ourense-Campus da Auga
- Encargo e elaboración da avaliación da execución do primeiro plan estratéxico do campus da auga.
- Encargo e elaboración do primeiro plan estratéxico do grupo CITACA.

Convocatorias

- Convocatoria de bolsas Ourense Exterior, para a realización de estudos de mestrado no Campus de Ourense
- Convocatoria de bolsas de formación para a difusión de actividades culturais e deportivas no curso 2018/19
- Convocatoria de axudas a grupos de investigación InOu; proxectos seleccionados:
 - A posta en valor do patrimonio natural e cultural nas vilas termas da provincia. Ampliando as posibilidades das termas abertas.
 - Efectos positivos dos programas de turismo termal provinciais na calidade de vida dos maiores.
 - A ocupación medieval nunha paisaxe fluvial: O caso do val medio do río Arnoia.
 - Violencia dixital nas relacións afectivo-sexuais de adolescentes ourensáns: dende o control ata a vinganza porno.
 - Multi-Clustering Schemes for Drug Discovery Process (MCS4DD)
 - Desenvolvemento dun método para a caracterización de camiños preferenciais de contaminantes na rede de poros de solos da Limia empregando tomografía e macrofotografía de fluorescencia.
 - Formulacións xelificantes a base de extractos de patacas de descarte e augas termas da provincia de Ourense para produtos de interese industrial.

- Convocatoria de prazas na Escola Infantil do Campus. Estatística de uso:

| Usuarios/as | Nenos | Nenas |
|-------------|-------|-------|
| 0-1 anos | 5 | 4 |
| 1-2 anos | 9 | 7 |
| 2-3 anos | 11 | 13 |

Sinatura convenios

- Convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense
- Convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento do programa de bolsas de mobilidade internacional “Ourense Exterior”
- Convenio con Ingeniería de Software Avanzado, S.A. para a creación da Cátedra Bahía Software de Innovación Tecnolóxica.
- Convenio de colaboración co Concello de Ourense no desenvolvemento da XXIII MITEU
- Convenio específico de colaboración co Concello de Ourense no Festival Internacional de Cine
- Acordo de colaboración con Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. e Fundación AQUAE para a organización do AQUAE Talent Hub
- Convenio de cooperación co Parque Tecnolóxico de Galicia para colaborar a través do CITI nas actividades de internacionalización orientadas ás pemes de Galicia que realiza a rede EEN (Enterprise Europe Network)
- Convenio de colaboración coa Asociación de Persoas con Discapacidade (ADO) para a realización dun programa específico para a integración laboral de persoas con discapacidade
- Convenio coa Confederación Hidrográfica del Miño-Sil por el que se instrumenta la entrega de una subvención para la revista jurídica especializada en Derecho de Aguas y Medio Ambiente (REDAS)
- Convenio marco colaboración OPTARE Solutions, S.L.
- Convenio de colaboración co Club Natación Escualos para a promoción da práctica da natación
- Convenio de colaboración coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense

- Protocolo de colaboración para o programa de doutoramento Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento co Instituto Superior de Contabilidade e Administración do Instituto Politécnico do Porto
- Asinados 74 convenios de cooperación educativa
- A sinatura do Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento de accións de I+D+i, o 17 de novembro de 2017, supuxo un investimento de 2.114.000 euros para a implantación de liñas de I+D+i no ámbito aeronáutico e aeroespacial, 300.000 euros para o Plan de mellora do Centro de Investigacións Agroalimentarias CIA3 do Campus de Ourense e de 120.000 euros para a especialización do Campus da Auga.

Cultura

Exposicións:

- Sala Alterarte: Power, corruption & lies, de Luis San Sebastián/Ignacio Barcia; Materia desvelada, de Fernando Casás/Xosé Antón Castro; Ser un lugar, de Jesús Otero Yglesias/ Monse Cea; Son aquela, espazo de desarraigamento, de Paula Noya/Paula Cabaleiro.
- Outono Fotográfico: Relecturas da feminidade, comisariada por Silvia García; Sen moldes, comentarios fotográficos sobre os xéneros, comisariada por Mar Caldas; Mar de redes, a razón de ser, de Ruth Villar; Primeira liña, de Sabela Andrés; Mírame, tócame, sobre libro de fotografía; XIV Certame de fotografía da Uvigo, colectiva.

Teatro:

- 10 FITO (Festival internacional de teatro de Ourense), do 5 ao 15 de outubro
- 14 MOTI (Mostra de teatro infantil), do 23 ao 30 de decembro
- 23 MITEU (Mostra internacional de teatro universitario), do 12 de abril ao 28 de abril.

bradoiros e aulas de extensión:

- Primeiro cuatrimestre: 10 obradoiros
- Segundo cuatrimestre: 12 obradoiros

Cursos de extensión:

- 6 cursos de verán e extensión universitaria, entre xuño e setembro de 2018

Axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural

- 11 actividades no ano 2017
- 10 actividades no ano 2018

Axudas para accións participativas e asociacionismo

- Concedida axuda para as actividades solicitadas por unha asociación de estudantes

Outra programación cultural:

- Día de Rosalía, varias actividades 27 de febreiro
- 8º Portugués Perto, varias actividades, do 12 ao 16 de marzo
- Venrespirar, 16 de marzo
- Certame de haikus, 23 de abril
- Letras galegas 2018, varias actividades, 16 de maio

Coro:

- Encontro coral de Nadal
- Concerto de Nadal no Liceo de Ourense
- 9 actos de graduación

Deportes

Utilización das instalacións:

- Pista de atletismo: 3807 usuarios individuais (371 mulleres e 3.436 homes). 15 usuarios de entidades xurídicas, cunha media de 15 persoas cada unha.
- Campo de herba sintética: 1.570 reservas. 1356 entidades privadas
- Pistas de tenis: 864 reservas.
- Pista polideportiva cuberta: 940 reservas.
- Sala de cardio fitness: 31.577 usuarios (8.444 mulleres e 23.133 foron homes).

A sección de equipos federados do Campus de Ourense está formado por:

- Club de Baloncesto masculino e feminino
- Club Xadrez Ourense

- Club dereito - empresariais de tenis
- Club Campus Ourense Rugby

Escolas Deportivas

40 escolas deportivas que se imparten no pavillón e en diferentes ximnasiaos da cidade, nas que houbo 116 inscritos (40 mulleres e 70 homes).

Rutas Culturais

Nesta actividade tivemos un total de 732

Eventos

Neste curso desde o Servizo de Deportes organizáronse varios eventos:

- Saída da proba Correndo por Ourense. Setembro.
- Torneo Campus Xadrez e Torneo Copa Deputación. Outubro. 130 participantes.
- Master Class Zumba. 77 participantes. Decembro.
- Master Class Cycling Campus da Auga. 64 participantes. Xuño.
- Patinaxe artístico. 200 participantes. Xuño
- Icc Technium Encounter R. 500 participantes. Maio.
- Campionato Internacional de Atletismo. Ourense Termal. Athletics Meeting. Maio.
- V Torneo Internacional de Xadrez “lostrego” e “rápido”. 64 participantes. Xullo.
- Xornadas de Roller Derby. 40 participantes. Maio.
- Participación no Día Mundial da auga. Marzo.
- Campus de Rugby da Federación Española de Rugby. Marzo.
- C.G.U. Natación na piscina AQA. 60 participantes. Febreiro.
- Encontro seleccións categorías inferiores da Federación Española de Balonmán. Febreiro.
- Correr e nadar do Clube Natación Pavillón. Abril
- Campionato Galego atletismo de Relevos. Abril.
- Proba Augas abertas Velle Clube Escualos. Xuño.
- Proba Marcha Nórdica Axesou. Xuño.
- Exhibición Escalada en rocódromo. Xuño.
- Campus Asociación Amencer. Xullo.

- XIX Semana audiovisual de Montaña. Novembro.
- Xornadas Danza Corpo a Terra Tras pediante. Xullo.

Gabinete psicopedagógico do Campus de Ourense

Consultas atendidas: 1.170 (639 mulleres e 531 homes).

Accións formativas:

- Traballo en equipo, 20 horas: 321 asistentes (199 mulleres e 122 homes).
- Motivación de alto impacto, 12 horas: 47 asistentes (39 mulleres e 8 homes).
- Terapia asistida con cans, 14 horas: 44 asistentes (39 mulleres e 5 homes).

| Accións formativas realizadas | Horas | Asistencia por sexo | | Asistentes |
|-------------------------------|-------|---------------------|-------|------------|
| | | Mulleres | Homes | |
| “Traballo en equipo” | 20 h | 199 | 122 | 321 |
| “Motivación de alto impacto” | 12 h | 39 | 8 | 47 |
| “Terapia asistida con cans” | 14 h | 39 | 5 | 44 |





Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

No curso 2017/2018 o proxecto de especialización seguiu dando pasos na súa consolidación. Concretouse a sede do Campus CREA S2i no edificio da Xunta de Galicia sita na céntrica rúa Benito Corbal. O vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, presentou xunto ao Reitor o proxecto de reforma do inmoble que previsiblemente estará rematado no primeiro trimestre de 2019.

Outro fito no desenvolvemento da especialización do CREA S2i é a participación da Universidade de Vigo no proxecto europeo Lapassion, liderado polo Instituto Politécnico do Porto e no que o Campus de Pontevedra conta con especial protagonismo. O proxecto, financiado con preto dun millón de euros polo programa Erasmus +, conta coa participación de quince institucións europeas e americanas.

Celebrouse a terceira edición da Semana Internacional da Creatividade e da Innovación (do 16 ao 19 de abril) con preto de vinte actividades entre as que figurou unha charla coloquio co director da serie Fariña, Carlos Sedes, e un dos seus protagonistas, Antonio Durán “Morris”, ademais do certame de fotografía Instagram.

No apartado cultural compre destacar a ampla e variada oferta. A proposta de obradoiros do primeiro cuadrimestre do curso 2017/2018 incluíu escalada, radio,

cine, impresión 3D e percusión, mentres que no segundo cuadrimestre a oferta foi sobre control de son, formatos de ficción televisiva, placas de arduino e locución audiovisual. A Aula Tecnolóxica, pola súa banda, volveu acoller no primeiro cuadrimestre tres cursos gratuitos:

- Introducción e fundamentos da maquetación frontend con CSS.
- Introducción ao retoque fotográfico con Adobe Photoshop.
- Introducción ao community management.

No segundo cuadrimestre a oferta centrouse na programación e no deseño web con outros tres cursos:

- Iniciación aos recursos web para a educación.
- Introducción a javascript e programación web.
- Introducción ao creative coding con processing.

En canto aos ciclos de cinema, o terror foi o protagonista do primeiro ciclo de cine do curso con “Garda as túas costas” que incluíu trece proxeccións e coloquios. No segundo semestre foron once proxeccións e dous coloquios os que conformaron o ciclo “Polas súas obras coñecerédelos” para abordar personaxes en conflito. A estes dous ciclos hai que sumar un terceiro sobre o cinema francés titulado “Mapa de estilos” en colaboración con Instituto Francés de Cine que contou con seis

proxeccións. Hai que salientar que por primeira vez o Campus de Pontevedra sumouse a unha rede de cinema documental “Docs del Mes” que estrea cada mes un documental nunha rede de máis de 90 salas de cine de España e América Latina nas que no ano 2017 chegaron a sumar máis de 50.000 espectadores.

En colaboración co Concello de Pontevedra e coa Deputación de Pontevedra, a Vicerreitoría organizou a maior exposición en España da cineasta Agnès Varda, referencia viva da Nouvelle Vague (28 de xuño ao 26 de agosto).

Púxose en marcha o ciclo de poesía “6 Días, 6 Poetas” coa presenza de tres premios nacionais (5 a 10 de marzo).

Continuaron as Conversas na UVI en colaboración co Diario de Pontevedra con convidados como Leticia Costas, Javier Porro, Ana Isabel Vázquez, Gonzalo Maceira e Fernando González “Gonzo”.

En canto a exposicións nos dous espazos do campus, Sala X e Sala da Casa das Campás, organizáronse as seguintes. The private case, Power, corruption & lies, Proxecto Táctil e na Sala da Casa das Campás: Miradas da infancia, Irse, Endeble, Achegas das mulleres á sustentabilidade do mar, exposición sobre arquitectura e pintura, A través da lente, Atelier f22, Ponte los zapatos de otro, La existencia de Acetes e colaboracións coa exposición Luces alén de mar.

Tiveron lugar numerosos concertos, a grande maioría deles no Salón Nobre da Casa das Campás: À propos de Les Nations ou Les Charmantes Invasions, A Moment of Transition, Balada Galega ou Zarzuela Galega, Signs, games and messages (Maio 68), Paisaxes da Saudade, Quinteto con clarinete en La maior K581, Quinteto con clarinete en Si menor op. 115 de Brahms

Da man de Vertixe Sonora organizáronse unha serie de concertos e charlas en Pontevedra e Vigo arredor da creación musical contemporánea co ciclo “Da arte sonora e da música contemporánea”.

Dentro da Cátedra Álvarez-Ossorio organizouse un relatorio sobre a traxectoria do almirante Álvaro de Bazán a cargo de Agustín Ramón Rodríguez González, e unha conferencia sobre “Ciberseguridade: As medidas que non poden faltar na túa vida” por parte de Pablo San Emeterio, analista da Unidade de ciberseguridade de Telefónica.

No eido do emprendemento celebrouse a cuarta edición

do Pont-Up Store en doce sedes e preto de corenta actividades que xa figura como evento de referencia no eido do emprendemento coa presenza e participación de empresas de sectores como a moda, a alimentación ou a ecoloxía entre outras. Os principais cambios nesta edición producíronse na carpa cunha zona de foodtrucks, así como o fablab instalado na Sala X.

O campus de Pontevedra colaborou e impulsou numerosas actividades de investigación e difusión como o II Congreso de Estudos Internacionais de Galicia (18 de setembro) coa colaboración do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) e o Consello Social da Universidade de Vigo.

O Proxecto Táctil inciou por primeira vez dende que se puxo en marcha o seu periplo de exposición por varios concellos da provincia da man da Deputación de Pontevedra, en concreto Caldas de Reis, O Porriño, A Guarda e Lalín.

O III Congreso Internacional Relex (25 a 28 de outubro) abordou novos usos das ferramentas lexicográficas.

Tivo lugar na Casa das Campás a terceira edición do Seminario da Sociedade española de Estatística e Investigación Operativa (SIEO) para explorar o potencial da teoría de xogos como ferramenta en diversos ámbitos (13 e 14 de outubro).

En colaboración co Ateneo de Pontevedra e coa Asociación de Alumnado e Exalumnado Senior do Campus de Pontevedra (ASAEXS) púxose en marcha un club de lectura con actividades o primeiro martes de cada mes.

Destacar a visita do representante de Taiwán en España, Simón Ko, quen fixo un relatorio sobre o novo modelo de desenvolvemento do seu país e a súa relación con China.

A Cátedra José Saramago elixiu por primeira vez Pontevedra para celebrar as súas II Xornadas Internacionais José Saramago nas que se integraron traballos interdisciplinares con docentes e estudantes do campus nun amplo programa de conferencias, exposicións e unha representación teatral (4 e 5 de decembro).

Do 30 de novembro ao 2 de decembro tivo lugar a segunda edición de “Fugas e interferencias”, o único congreso sobre arte de acción en España.

A Casa das Campás acolleu a xornada Eco-críticAs: palabras e imaxes con catro coloquios, unha performance e unha intervención artística para promover o discursos emerxentes arredor da relación muller-natureza (9 de novembro).

O taller A arte como terapia contou coa presenza de Ghassma Abulaban, artista e profesor da Universidade de Xordania (12 e 13 de marzo).

Tamén continúa a colaboración coa Aula Castelao na organización da Semana Galega da Filosofía que chegou a súa 35 edición titulada Filosofía e o común (2 ao 6 de abril).

A III Edición do Congreso Internacional para o Estudo da Mediación e o Conflito promovido pola Universidade de Vigo e a Conferencia Universitaria para el Estudio de la Mediación y el Conflicto Cuemyc tivo lugar do 7 ao 9 de xuño.

En colaboración con Campus do Mar e a Deputación de Pontevedra celebrouse a IV Xornada sobre o Bo Uso e o Mal Uso do Mar que nesta ocasión veu acompañada dunha exposición itinerante titulada “Sustentabilidade en feminino: achegas das mulleres á sustentabilidade do mar” (30 de novembro).

Colaborouse no XVIII Curso Complementario de Comunicación – VII Xornadas Internacionais de Comunicación Institucional e Imaxe Pública (18 e 19 de abril).

A Universidade de Vigo volveu a colaborar na sétima edición da feira Edugal para amosar o potencial das súas titulacións (7 ao 9 de marzo).

O Congreso Internacional de Ciencias do Deporte e da Saúde chegou a súa décimocuarta edición con preto de 300 personas participantes (3 ao 5 de maio)

Os días 1 de 2 de xuño celebrouse na Escola de Enxeñaría Forestal e na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación a quinta edición da Feira da Miniciencia Ponteenciencia coa presenza de preto de 500 estudantes e doce centros de ensino.

Colaborouse no 75 aniversario do Centro de Recursos Educativos da (CRE) da ONCE en Pontevedra coa iniciativa Con luz propia, acción promovida polo grupo de investigación Cies da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte baixo a dirección da profesora Ángeles Parrilla.

No curso 2017/2018 a Gala do Deporte regresou a Pontevedra na súa 26 edición (28 de novembro).

ESDEMGGA celebrou a súa decimoterceira edición do desfile Debut (23 de novembro) rodeado dunha serie de actividades complementarias de formación con obradoiros en distintas ubicacións da cidade, así como coa primeira colaboración co TEK-FEST. Sería a última edición na que se expoñan traballos de estudantes dos tres cursos coa implantación do máster en Deseño e Dirección Creativa de Moda.

Dentro das 54 medidas aprobadas no plan de acción do Green Campus, inicouse o curso coa segunda edición da celebración da “Semana Europea da Mobilidade” cortando o vial central para o desenvolvemento da maioría das actividades encamiñadas a concienciar sobre modelos de transporte alternativos e sustentables, entre as que destaca a implantación por primeira vez do servizo de préstamo e uso de bicicletas do Campus de Pontevedra, cedidas polo Concello de Pontevedra.

Celebráronse ao longo do curso a quinta, sexta e sétima edición da Semana de Recollida de RAEEs con preto de 300 aparellos recollidos.

Co gallo de poñer en valor as preto de 400 árbores do campus, púxose en marcha o arboreto coa instalación de placas identificadoras dos exemplares máis representativos e códigos QR coa axuda da Oficina de Medio Ambiente (OMA) e o Servizo de Xardinería. A Facultade de Fisioterapia promoveu dentro do programa un certame de arte postal centrado no medio ambiente.

Por último lembrar que o campus de Pontevedra, e máis concretamente a Escola de Enxeñaría Forestal, acolleu o nomeamento honoris causa de Inmaculada Paz Andrade e a Facultade de Belas Artes recibiu o premio pontevedrés do ano na categoría de universidade e investigación na súa duodécima edición outorgado polo Diario de Pontevedra.

A vicerreitoría do campus de Pontevedra tamén foi o lugar elexido para a entrega dos premios de poesía, relato curto e tradución da Universidade de Vigo promovidos pola Área de Normalización Lingüística e contou coa presenza do Reitor, do secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García, e Begoña Llácer, filla de María Victoria Moreno.





Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

Área de Infraestruturas e Prevenición de Riscos Laborais

Departamento de obras, instalación e infraestruturas

A actividade do departamento de obras, pode agruparse en tres grandes ámbitos:

- Novos investimentos
- Reparacións, mellora de instalacións e obras menores
- Melloras no funcionamento do departamento

En cada un destes aspectos, pásanse a describir as actuacións mais salientables:

1. Novos investimentos

Campus de Vigo

Iniciáronse as obras do “Edificio institucional e de I+D da Universidade de Vigo no Casco Vello”. Esta infraestrutura pretende dar visibilidade a Universidade de Vigo na cidade e consolidar a presenza na mesma potenciando os vínculos coa sociedade, co tecido empresarial e ser un motor da investigación e a transferencia do coñecemento.

Redactouse proxecto e dirección de obra: Rehabilitación de edificio Faraday na ETEA para o Campus do Mar, que

potenciará o proxecto estratéxico e revitalizará unha zona degradada da cidade.

No Módulo Tecnolóxico industrial (MTI) executáronse as obras de adaptación e mobiliario da nave taller co que quedou rematado o equipamento do edificio.

Realizouse o proxecto do Mesocosmos no ECIMATE licitáronse as obras que están á espera da licenza.

Licitáronse as obras para “Zooteca, litoteca e herbario da Universidade de Vigo” que permitirá que as coleccións faunísticas, minerais e vexetais da Universidade de Vigo sexan conservada sen condicións axeitadas.

En varios de los edificios do Campus, realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

Campus de Pontevedra

Realizáronse o proxecto e contratáronse as obras para a construción dun carril bici que atravesa o campus, na liña do definido polo Campus Verde (Green Campus) que mellorará a comunicación sostible

Adaptáronse espazos na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte para ximnasio e na Facultade de Ciencias Sociais para aulas.

En varios de los edificios do Campus, realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

Campus de Ourense

Rematouse a construción do Edificio do Campus da Auga no Campus de Ourense. Este edificio pretende dar soporte físico aos Clústeres de investigación vinculados coa investigación no campo da auga. Licitáronse as subministracións de mobiliario de oficina e laboratorio que se rematarán en breve quedando plenamente operativo o edificio.

Realizouse o proxecto do Invernadoiro e licitáronse as obras que están á espera da licenza.

En varios de los edificios do Campus, realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

2. Reparacións, mellora de instalacións e obras menores

En todos os edificios dos tres campus realizáronse todas as tarefas para conseguir un adecuado mantemento, solucionando as incidencias notificadas por os administradores e decanos e directores dos centros.

Fíxose un esforzo importante en solucionar problemas de entrada de auga en varios centros, realizándose cambios e reparacións de cubertas en Filoloxía, Industriais, Edificio Xurídico Empresarial...

Continúase coa realización de obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos e de subministro de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes, etc. Especialmente realizáronse adaptacións de salas de caldeiras ao subministro de gas.

Supervisáronse tódolos contratos dos diferentes mantementos de instalacións, buscando sempre unha mellor eficiencia e aforro económico. Establecéronse unhas prescricións técnicas comúns para todos eles, e agrupáronse en contratos únicos os correspondentes a grupos electrógenos, cloración, transformadores, protección contra incendios. Coa nova lei de contratos avanzárase na contratación conxunta mediante licitación dos mantementos.

3. Melloras no funcionamento do Departamento

O departamento ten 3 obxectivos primordiais:

Aforro: promover medidas que permitan reducir os gastos correntes, e obter mellores prezos nas contratacións.

Eficacia: optimizar os recursos dos que dispoñe a universidade.

Comunicación: mellorar a información a Decanos, Directores e administradores das tarefas que se realicen nos seus centros.

A adhesión da Universidade á Rede de Enerxía da Xunta de Galicia REDEXGA permitiu conseguir prezos da enerxía máis económicos, conseguindo uns aforros entre un 15% e un 25% na electricidade, gas e gasoil.

Continuouse coa implantación do sistema de xestión das instalacións e obras mediante o programa Mansis, que permite unha mellor organización das mesmas, con a programación de mantementos preventivos, legais e correctivos, un mellor control das diferentes obras, e unha mellor organización da información referente aos investimentos e orzamentos. Tamén facilita aos responsables dos centros información periódica de todas as actuacións que se fan neles. Esta ferramenta tamén permitiu realizar unha actualización do inventario da universidade, simplificando o proceso de altas e comprobacións periódicas. Este programa permite unha mellora continua, incorporando novas funcionalidades de información, supervisión e xestión.

Coa nova Unidade de Servizos Xerais o seguimento e control dos requirimentos, pedido e obras farase dunha maneira máis axeitada.

Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Nesta memoria se recolle unha análise e recompilación de todas as actividades que en materia preventiva realizou e/ou coordinou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo.

Moitas das actividades que se presentan precisaron para a súa realización da coordinación do servizo de prevención propio (SPP), o servizo de prevención alleo (SPA) "Norprevención SL" e a Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

Actividades do Servizo de Prevención:

- Avaliación de riscos
- Inspeccións, comprobacións e informes
- Investigación de accidentes
- Formación
- Coordinación de actividades empresariais
- Planes de autoprotección
- Vixilancia da saúde
- Xestión de caixas de urxencias
- Xestión de equipos de protección individual

1. Avaliación de riscos

A través das avaliaci3ns iniciais de riscos procédese á identificaci3n, con carácter xeral, dos riscos laborais presentes nos postos de traballo para poder eliminalos, ou no caso de non ser isto posible, proceder á súa valoraci3n e á adopci3n de medidas de prevenci3n e protecci3n necesarias. Inclúense neste apartado estudos hixiénicos, ergonómicos e de seguridade.

| Centro | Campus | Tipo |
|--|------------|---------------------|
| E.E.Industrial (cidade) | Vigo | Avaliaci3n inicial |
| M.T.I. (en proceso) | Vigo | Avaliaci3n inicial |
| E.E. Forestal | Pontevedra | Revisi3n avaliacion |
| Edf. Olga Gallego Domínguez (en proceso) | Ourense | Avaliaci3n inicial |
| Edf. Concepci3n Ramón Amat (en proceso) | Ourense | Avaliaci3n inicial |
| Biblioteca Universitaria (en proceso) | Ourense | Avaliaci3n inicial |
| Pavill3n Universitario (en proceso) | Ourense | Avaliaci3n inicial |

2. Inspecci3n, comprobaci3n e informes

Neste período emitíronse diversos informes sobre condicións de traballo froito de inspeccións e comprobacións das condicións de seguridade e saúde realizadas polo SPRL. Neste apartado non se inclúen os informes de accidente

En total realizáronse 56 informes (46 Vigo, 5 Ourense, 5 Pontevedra).

| Centro/Servizo | Informes |
|---|----------|
| Biblioteca Central | 2 |
| Biblioteca Torrecedeira | 1 |
| CACTI-CINBIO | 7 |
| ECIMAT | 3 |
| Edf Ciencias Experimentais | 3 |
| Edf Ernestina Otero (Antiga Reitoría) | 2 |
| Edf Exería (xerencia antiga) | 2 |
| Edf Filomena Dato (Antigo Anexo Xerencia) | 2 |
| Edf Miralles | 3 |
| E Enxeñaría Industrial | 4 |
| E Enxeñaría de Minas e Enerxía | 1 |
| E Enxeñaría Telecomunicaci3n | 2 |
| F CC Xurídicas | 1 |
| F Económicas | 3 |
| F Filoloxía e Traduci3n | 5 |
| MTI | 2 |
| Servizo Deportes | 1 |
| Outros | 2 |
| Edf Campus da Auga | 2 |
| F Ciencias | 1 |
| F Historia | 2 |
| Casa das Campás | 1 |
| Casa das Campás | 1 |
| F Ciencias Sociais | 3 |

3. Investigación de accidentes

| Campuses | 2108 |
|------------|------|
| Ourense | 2 |
| Pontevedra | 2 |
| Vigo | 22 |
| Total: | 26 |

| Colectivo | 2018 |
|----------------|------|
| Investigadores | 12 |
| PAS | 11 |
| PDI | 2 |
| Bolseira | 1 |
| Total: | 26 |

| Segundo lugar | 2018 |
|--------------------|------|
| In Itinere | 7 |
| Centro de traballo | 19 |
| Total: | 26 |

| Segundo baixa | 2018 |
|---------------|------|
| Sen baixa | 19 |
| Con baixa | 7 |
| Total: | 26 |

| Sexo | 2018 |
|--------|------|
| Muller | 7 |
| Home | 120 |
| Total: | 26 |

| Segundo o Risco | Informes |
|--|----------|
| 010 Caída de persoas a distinto nivel | 1 |
| 020 Caída de persoas ao mesmo nivel | 8 |
| 070 Choques contra obxectos inmóbiles | 1 |
| 080 Choques contra obxectos móbiles | 5 |
| 090 Golpes/cortes por obxectos ou ferram. | 1 |
| 100 Proxección de fragmentos ou partículas | 1 |
| 110 Atrapamento por ou entre obxectos | 1 |
| 130 Sobreesforzos | 2 |
| 180 Contacto sustancias cáusticas/corrosivas | 2 |
| 200 Explosións | 1 |
| 211 Incendios. Factores de inicio | 1 |
| 220 Acc. causados por seres vivos | 1 |
| 000 Afonía | 1 |

4. Formación

En cumprimento da Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995 do 8 de novembro, e en concreto do seu artigo 19 “Formación dos traballadores”, o SPRL durante ano 2017 organizou, impartiu e coordinou os cursos en materia de prevención de riscos que a continuación se detallan:

| Entidade | Cursos | Edicións | Horas totais | Asistentes |
|---------------------------------|--------|----------|--------------|------------|
| Servizo Prevención Propio | 2 | 44 | 73 | 1431 |
| Servizo Prevención Alleo | 6 | 17 | 72 | 176 |
| Externo (Seganosa) | 3 | 9 | 38 | 188 |
| Externo (FREMAP) | 5 | 6 | 14 | 163 |
| Externo (061) | 1 | 5 | 25 | 37 |
| Total | 17 | 81 | 222 | 1995 |

| Modalidade | Cursos | Edicións | Horas totais | Asistentes |
|---|--------|----------|--------------|------------|
| Presencial (Vigo) | 11 | 65 | 157,5 | 1703 |
| Presencial (Ourense) | 2 | 2 | 4 | 14 |
| Videocon- ferencia (tres cam- pus) | 3 | 11 | 27,5 | 272 |
| On-line | 3 | 3 | 33 | 6 |
| Total | 19 | 81 | 222 | 1995 |

| Destinatarios/as | Cursos | Edicións | Horas totais | Asistentes |
|---|--------|----------|--------------|------------|
| Alumnos/ as e Persoal de empresas externas | 1 | 13 | 6,5 | 791 |
| PDI e PAS | 13 | 56 | 160 | 1005 |
| PDI, PAS e investigadores | 4 | 12 | 55,5 | 199 |
| Total | 18 | 81 | 222 | 1995 |

| Entidade | Cursos | Edicións | Asistentes |
|--|-----------|------------|-------------|
| Alarma e evacuación | 4 | 16 | 100 |
| Almacenamento de produtos químicos | 1 | 3 | 62 |
| Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas | 3 | 6 | 31 |
| Curso en prevención de riscos laborais | 1 | 3 | 1 |
| Curso teórico de formación inicial de prevención de riscos laborais para novas incorporación | 9 | 22,5 | 193 |
| Desfibrilación externa semiautomática | 5 | 25 | 37 |
| Estrés e benestar psicoemocional | 2 | 4 | 49 |
| Formación de equipos de emerxencia | 35 | 50,5 | 1238 |
| Liderado en seguridade e saúde | 1 | 2 | 17 |
| Loita contra incendios | 4 | 16 | 80 |
| Prevenção do sobre esforzo vocal, cuidados no uso profesional da voz | 1 | 2 | 16 |
| Primeiros auxilios | 7 | 25 | 111 |
| Reforzo campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas | 4 | 8 | 28 |
| Selección e uso de EPI's en laboratorios | 1 | 3 | 19 |
| Traballos en altura (Servizo de Prevención Alleo) | 1 | 12 | 2 |
| Traballos en altura (SEGANOSA) | 1 | 6 | 8 |
| Traballos en altura, risco eléctrico e espazos confinados | 1 | 18 | 3 |
| Total | 81 | 222 | 1995 |

5. Coordinación de actividades empresariais

Nos centros da Universidade de Vigo desenvolven a súa actividade profesional traballadores e traballadoras pertencentes a empresas alleas, polo que é necesario coordinar as actividades de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais.

| | |
|---|-------------|
| Actuacións con empresas novas | 2108 |
| Mantemento | 5 |
| Obra | 55 |
| Proxecto de investigación | 8 |
| Servizo | 17 |
| Subministro | 23 |
| Subcontratas | 1 |
| Total | 109 |
| Actuacións con empresas xa rexistradas | 2108 |
| Total | 173 |

6. Plans de autoprotección de actividades empresariais

Implantación e revisión de planes de autoprotección en aplicación do artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais

| Planes de autoprotección (Centros) | Campus |
|--|------------|
| Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo | Vigo |
| E.E. Industrial (cidade) | Vigo |
| E.E. Empresariais (en proceso) | Vigo |
| MTI (en proceso) | Vigo |
| Edificio de Fundición (en proceso) | Vigo |
| Reitoría (en proceso) | Vigo |
| Edificio de Ciencias Experimentais | Vigo |
| Pabillón de Deportes | Vigo |
| Edificio Manuel Vicente Risco | Ourense |
| E.E. Forestais | Pontevedra |
| Simulacros (Centros) | Campus |
| Fac. de Filoloxía e Tradución | Vigo |
| Edificio de Ciencias Experimentais | Vigo |

7. Vixilancia da saúde

O Real Decreto 39/1997 artigo 37.3.b, indica que en materia de vixilancia da saúde, a actividade sanitaria deberá abranguer:

- Incorporación de novos traballadores/as, ou con novos riscos.
- Reincorporación de traballadores/as despois dunha baixa prolongada.
- Vixilancia da saúde a intervalos periódicos.

Incorporación de novos traballadores.

| Campus | Notificacións | Autoriza RM | Non autorizan |
|------------|---------------|-------------|---------------|
| Ourense | 35 | 21 | 14 |
| Vigo | 161 | 85 | 76 |
| Pontevedra | 15 | 8 | 7 |
| Total | 211 | 114 | 97 |

Lactación natural. Dúas traballadoras con revisión da avaliación do posto de traballo (1 apta e 1 apta con limitacións).

Situación de embarazo. Recepción de notificacións e traslado ao servizo médico.

| Campus | Notificacións | Apta | Apta con limitacións | Non apta |
|------------|---------------|------|----------------------|----------|
| Ourense | 3 | 11 | 2 | |
| Vigo | 6 | 1 | 4 | 1 |
| Pontevedra | 1 | | | 1 |
| Total | 10 | 2 | 6 | 2 |

Notificacións de baixas superiores a 60 días recibidas no SPRL.

| Campus | Notificacións | Autoriza RM | Non respontan |
|------------|---------------|-------------|---------------|
| Ourense | 0 | | |
| Vigo | 1 | | 1 |
| Pontevedra | 1 | 1 | |
| Total | 2 | 1 | 1 |

Recoñecementos médicos realizados.

| Lugar | Periódico | Inicial | Ausencia prolongada | Outros | TI |
|-------------------|-----------|---------|---------------------|--------|-----|
| Lagoas Marcocende | 567 | 85 | 0 | 12 | 664 |
| Ourense | 46 | 10 | 0 | 2 | 58 |
| Vigo | 122 | 19 | 0 | 1 | 142 |
| Pontevedra | 59 | 6 | 1 | 1 | 67 |
| Total | 794 | 120 | 1 | 16 | 931 |

Adaptacións.

Se o resultado do recoñecemento é “Non apto”, ou “Apto con limitacións” o servizo de prevención remite a xerencia un informe coa proposta de adaptación ou necesidade de cambio de posto de traballo. No ano 2017 se realizaron 22 adaptacións (Ourense 1, Pontevedra 2, Vigo 19).

8. Xestión de caixas de urxencia

As caixas de urxencias e a dotación de material de urxencias é subministrado á Universidade pola Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

O Servizo de Prevención da Universidade recibe o material da Mutua e encargase de atender as peticións de novas caixas ou reposición de material.

- Novas caixas de urxencias 5
- Reposición de contidos 28

9. Xestión de equipos de protección individual

No ano 2018 xestionáronse 37 solicitudes de EPIs (Equipos de protección individual).

| Centro | EPIs |
|-----------------------------------|------|
| CACTI-CINBIO | 7 |
| ECIMAT | 3 |
| Edificio Ciencias Experimentais | 6 |
| EE Industrial (campus) | 2 |
| EE Industrial (cidade) | 1 |
| EE Telecomunicación | 1 |
| Fac. de Económicas e Empresariais | 1 |
| Fac. de Filoloxía e Tradución | 2 |
| Xardinería Vigo | 2 |
| EE Forestal | 1 |
| Fac. de Belas Artes | 6 |
| Fac. CC Sociais e da Comunicación | 1 |
| CACTI Ourense | 1 |
| Edificio Xurídico-Empresarial | 2 |
| EE Aeronáutica e do Espazo | 1 |

10. Outras actividades

- Titoría das prácticas do voluntariado da Universidade de Vigo.
- Participación nos programas formativos da Mutua Colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.
- Solicitud de do BONUS.
- Charla informativa sobre os riscos no traballo con produtos químicos dirixida ao alumnado do Máster en Investigación Química e Química Industrial e ao alumnado de 4º curso da Facultade de Química da Universidade de Vigo.
- Colaboración coa Fundación Integra, titorizando as prácticas de persoas con diversidade funcional.
- Colaboración co SERGAS na organización dos “Talleres do día Europeo da RCP”.

Área de Sostibilidade

Dende a súa posta en funcionamento a mediados de 2018, a Área de Sostibilidade comezou o seu funcionamento

facendo un acopio de información dos diferentes consumos enerxéticos dos tres campus a da súa eficiencia tanto en termos económicos coma técnicos. Esta tarefa segue aberta e formará parte das actuacións continuadas no tempo que ten planeadas esta área.

Asimesmo, mantivéronse reunións coa Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Enerxía), co INEGA e con outros axentes locais, provinciais e autonómicos para comunicarlles a decidida aposta desde equipo pola búsqueda da maior eficiencia enerxética e redución das emisións de dióxido de carbono e doutros contaminantes asociados coa actividade da Universidade de Vigo. O resultado destas reunións serán unha serie de actuacións nos tres campus, apoiadas e financiadas total ou parcialmente por estas institucións, que deberán converter á Universidade de Vigo nun referente a nivel nacional e internacional en termos de eficiencia enerxética e aposta polas enerxías limpas.

Área de Novas Tecnoloxías

- Nº de empresas acollidas ao programa: 15 empresas (12 vacantes)
- Nº solicitantes e asignacións de praza:
 - Artes e humanidades: 3 (1 praza asignada)
 - Enxeñaría: 16 (4 prazas asignadas)
 - CC Xurídicas e Sociais: 2 (0 prazas asignadas)

Emprendemento-autoemprego

Para fomentar o espírito emprendedor no colectivo universitario, a Universidade de Vigo, a Cidade Universitaria e a Fundación Universidade de Vigo, convocaron , en decembro de 2017, a 7º edición dos premios INCUVI-emprende.

Nesta 7º edición presentáronse a concurso 21 proxectos por un total de 31 estudantes.

Proxectos presentados segundo ámbito de coñecemento:

| | |
|---------------------|----|
| Artes e Humanidades | 1 |
| Xurídico-Social | 12 |
| Enxeñaría | 4 |
| Ciencias | 2 |
| Multidisciplinar | 2 |
| | 21 |

Promotores/as segundo situación académica:

| | | |
|--------------|----|-------|
| Estudantes | 20 | 64,5% |
| Egresados/as | 11 | 35,5% |

Promotores/as segundo sexo:

| | | |
|----------|----|-----|
| Mulleres | 9 | 30% |
| Homes | 22 | 70% |

Por terceira vez convocáronse os premios INCUVI-Avanza coa colaboración do Consorcio da Zona Franca de Vigo,

do Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI) e da Confederación de Empresarios de Ourense (CEO) ofrecendo un programa de aceleración dun ano de duración a proxectos gañadores de todas as edicións de INCUVI-Emprende.

Aos premios INCUVI-Avanza presentáronse catro proxectos para o campus de Vigo e dous para o campus de Ourense, resultado premiados Mediación Móvil no campus de Vigo e OuVir no campus de Ourense.





Área de Normalización Lingüística (ANL)

Formación lingüística

Neste curso 2017/2018 matriculáronse un total de 342 persoas, 158 no primeiro cuadrimestre e 184 no segundo. Do total, se atendemos á diferenciación por sexo, 91 foron homes e 251 mulleres.

No primeiro cuadrimestre, continuamos coa aposta pola formación en liña (a máis demandada pola comunidade universitaria). No segundo cuadrimestre, no noso catálogo de cursos ofrecemos por primeira vez o de Corrección da escrita coas TIC. Ademais, impartimos un curso de formación en lingua galega para alumnado do ámbito sanitario (presencial) no campus de Pontevedra.

Tamén cunha finalidade formativa, convocamos tres bolsas de colaboración para formación complementaria do estudantado coa Área de Normalización Lingüística.

Cursos do ano académico 2017/2018.

Persoas matriculadas.

| 1.º cuadrimestre 2017/2018 | Mulleres | Homes |
|--|-----------------|--------------|
| Curso de extensión cultural | 9 | 0 |
| Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación | 18 | 11 |
| Curso de redacción de documentos administrativos | 21 | 9 |
| Galego: actualízate | 21 | 9 |
| Escribir en internet | 23 | 6 |
| Redacta con claridade e mellora a túa redacción | 22 | 9 |
| 2.º cuadrimestre 2017/2018 | Mulleres | Homes |
| Curso de extensión cultural | 11 | 4 |
| Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación | 24 | 6 |
| Curso de redacción de documentos administrativos | 24 | 6 |
| Galego: actualízate | 22 | 8 |
| Corrección da escrita coas TIC | 19 | 12 |
| Redacta con claridade e mellora a túa redacción | 22 | 8 |

| | | |
|---|------------|-----------|
| Curso básico de linguaxe sanitaria | 11 | 3 |
| Curso de achegamento á lingua e cultura galegas | 1 | 0 |
| Total | 251 | 91 |

Dinamización

A través do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística asinado anualmente entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolvemos os cursos de formación en lingua galega e as seguintes actividades:

- Convocatoria dos Premios de poesía, relato curto e tradución literaria 2018 da Universidade de Vigo, en que se presentaron vinte e sete traballos. A cerimonia de entrega tivo lugar no campus de Pontevedra e serviunos para festexar o Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno. O acto de entrega foi presidido polo reitor e contou coa participación de Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística; Ana Acuña, profesora da Universidade de Vigo; Begoña Llácer, filla de María Victoria Moreno; e os regueifeiros Suso de Xornes e Josiño da Teixeira. No mes de outubro publicouse o libro coas obras premiadas na editorial Edicións Xerais de Galicia.
- Respecto da convocatoria anual das Axudas á investigación en lingua galega, mantivemos a dotación orzamentaria en 14 000 euros. Concedéronse 214, dúas para teses de doutoramento e as demais para os traballos de fin de grao e de mestrado. Ademais, este ano como novidade premiouse o esforzo e o rigor de lle dar un tratamento coidado ao idioma con dez axudas como recoñecemento á calidade lingüística nos traballos de fin de grao e de mestrado.
- Colaboramos coa rotulación e coa edición de material didáctico para o Museo de Mineraloxía da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do campus de Vigo.
- Participamos na celebración do Día das Redes Sociais na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación coas Xornadas sobre Redes Sociais en Galego.
- Editamos o Estudo sociolingüístico sobre o uso do galego na Universidade de Vigo, que permite ter unha perspectiva actualizada, vinte anos despois, sobre a situación da lingua galega na nosa institución.

- No que concirne á Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, da que formamos parte, reuniuse na Universidade da Coruña para impulsar unha das medidas presentes no Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, que menciona a achega dun millón de euros como unha das accións de mellora da calidade para impartir un mínimo do 50 % das materias dun grao en galego.
- En relación co Concello de Vigo continuamos representando a universidade nas reunións do Consello Social da Lingua e da Comisión Cidadá de Política Lingüística. Publicamos o libro da Colección Toponimia do Val de Fragoso correspondente á parroquia de Comesaña e proseguimos cos traballos para a edición dos libros de toponimia de Bembrive e de Candeán


No tocante á Universidade de Vigo mantemos a colaboración con diferentes accións nos seus campus, centros e programas:

- Na Facultade de Filoloxía e Tradución, coa comisión de normalización lingüística do centro, celebramos o Día de Rosalía de Castro coa actuación dos regueifeiros Luís o Caruncho e Bieito Lobarinañas, ademais da lectura de poemas de Rosalía por parte do alumnado.
- Tamén na Facultade de Filoloxía e Tradución, colaboramos coa charla e co recital da poeta irlandesa Grace Wells.
- Co Departamento de Tradución e Lingüística, contribuímos nos gastos de elaboración da unidade didáctica O galego na provincia de Pontevedra: procesos, posibilidades e desafíos.
- - No campus de Ourense, apoiamos o Concurso de Microrrelatos para celebrar o Día de Rosalía de Castro.
- Coa Vicerreitoría do Campus de Ourense e a biblioteca Rosalía de Castro, colaboramos co certame de haikus con motivo do Día do Libro.
- Editamos un almanaque para o ano 2018 continuando coa campaña “Na Universidade en galego sen prexuízos”, obra do debuxante Kiko da Silva, para desbotar os prexuízos que pexan o uso da lingua galega.
- Co obxectivo de encher a rede de vídeos en galego participamos na segunda edición do proxecto

Youtubeir@s, un concurso impulsado polos servizos de normalización lingüística das tres universidades galegas, a Deputación da Coruña e os concellos da Baña, Ames, Carballo, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e O Grove. Celebramos a gala final dos premios no Teatro Colón da cidade da Coruña.

Asesoramento

Continuamos coa actividade regular de resposta ás consultas sobre lingua e dereitos lingüísticos a través de diferentes medios. Ademais, corriximos milleiros de páxinas de textos administrativos, culturais e científicos. E tamén compartimos na nosa web, e no perfil de Facebook, materiais de consulta de moi diversa índole.





Área de Calidade

As actividades desenvolvidas durante o curso 2017-2018 vertébranse en torno a os programas de calidade, que derivan de exixencias normativas europeas e nacionais, canalizadas en moitos casos polas axencias de calidade (ACSUG e ANECA). Área de Calidade tamén desenvolveu actividades e programas complementarios, que dalgunha forma se relacionan cos anteriores e funcionan como soporte complementario ós mesmos.

Os programas e actividades aos que se refire o parágrafo anterior son:

- Programa de acreditación
- Programa de avaliación do profesorado (Docentia)
- Programa FIDES-AUDIT-Sistema de calidade dos centros
- Programa de seguimento
- Enquisas de satisfaccións dos grupos de interese.
- Enquisas de avaliación docente
- Guías Docentes
- Programa verifica e modifica: Revisión parcial e rexistro deas memorias verificadas ou modificadas das titulacións
- Cartas de Servizo

Nas seguintes páxinas ofrécese un resumo no que se recollen as principais actividades desenvolvidas, os fitos mais relevantes e os principais resultados acadados.

Resumo actividades: curso académico 2017-2018.

Programa de Acreditación das titulacións

Graos e mestrados

No curso 2017-2018 continuouse co desenvolvemento a través do procedemento ordinario da acreditación das titulacións de grao e mestrado da Universidade de Vigo. Neste curso foron cinco mestrados os que se someteron a este proceso de avaliación obrigatorio, establecido pola normativa e que se sumaron ás 75 titulacións acreditadas en cursos anteriores. Nos seguinte cadros recóllese, cun maior detalles os principais resultados acadados.

| Principais resultados do programa de acreditación 2017-2018 | | | | | | | | |
|---|-------|---------|----|----------|----|----|------------|----|
| Ano | Valor | XESTIÓN | | RECURSOS | | | RESULTADOS | |
| | | C1 | C2 | C3 | C4 | C5 | C6 | C7 |
| Máster en Enxeñaría Industrial | 7,4 | B | B | B | B | A | B | B |
| Máster en Enxeñaría de Telecomunicación | 7,6 | B | B | A | B | A | B | B |
| Máster en Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental | 6,6 | C | B | C | B | B | B | B |
| Máster en Enxeñaría de Minas | 7,2 | B | B | A | B | B | B | B |
| Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural | 7,2 | B | B | A | B | B | B | B |

Doutoramentos

A Área de Calidade participou na elaboración da Guía para o seguimento e a acreditación dos títulos oficiais de doutoramento (v2_30.01.2018) coordinada pola ACSUG.

Segundo a programación prevista na lexislación nacional, o programa de doutoramento de Ciencias Mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar), verificado no 2012/13, debía renovar a súa acreditación no 2018. Ao cabo, o programa re-verificou a súa memoria, polo que se adía a súa acreditación 6 anos. Por isto, os primeiros programas de doutoramento renovarán a súa acreditación no curso 2018/19.

Programa Docentia

No curso 2016-2017, publicouse a convocatoria quinquenal do programa Docentia que seguiu desenvolvéndose, durante o curso 2017-2018,

publicándose os resultados finais asociados ao mesmo, en outubro de 2017.

Posteriormente distribuíuse un cuestionario de satisfacción entre os participantes (profesorado e avaliadores) para obter un retorno que permita introducir melloras no desenvolvemento futuro do mesmo. As valoracións e suxestións obtidas a través desta enquisa tiveronse en conta para presentar axustes e melloras no manual do programa que será de aplicación na convocatoria que se publicará durante o curso 2018-2019. Neste curso tamén se iniciou a recollida de datos da convocatoria anual correspondente.

No seguinte cadro recóllese un resumo das principais accións e resultados do Programa Docentia que foron publicados no curso 2017-2018:

| Principais resultados do programa Docentia (anual 15/16, quinquenal 10/11 – 14/15) | | | | | | |
|--|----------------|--------|-------|---------------------|--------|-------|
| | Docentia anual | | | Docentia quinquenal | | |
| | Home | Muller | Total | Home | Muller | Total |
| Profesorado avaliado | | | | | | |
| Moi favorable | B | B | B | A | B | B |
| Favorable | B | B | B | A | B | B |
| Suficiente | C | B | B | B | B | B |
| Desfavorable | B | B | B | B | B | B |
| Sen avaliación final | B | B | B | B | B | B |

Programa FIDES-AUDIT: Sistema de Garantía de Calidade

Sistema de Calidade de Grao e Mestrado

O programa FIDES-AUDIT enmarca o deseño e desenvolvemento do sistema de garantía calidade dos centros. Neste curso académico completouse a revisión e actualización da seguinte documentación do sistema de calidade dos centros da Universidade de Vigo:

- DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza
- PE-01 P1 Xestión do PAS
- PE-02 P1 Xestión do PDI

Un logro importante relativo a este programa foi a consecución da certificación FIDES-AUDIT da implantación do Sistema de Calidade da Facultade de Química con data 25/06/2018, que se suma aos 11 centros anteriores.

Por outra parte a Área de Calidade coordinou o deseño da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, que foi enviado para avaliar por ACSUG no mes de xullo de 2017.

A área coordinou o seguimento da certificación da implantación dos tres centros certificados no 2015 (FFT, ESE Informática e EE Minas e Enerxía), a través dun dossier que foi enviado para avaliar a ACSUG entre decembro 2017 e febreiro de 2018. Os informes de avaliación recibíronse en agosto de 2018. A área tamén dinamizou o mesmo proceso para os tres centros certificados no 2016 (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. O dossier que foi enviado para avaliar a ACSUG entre marzo e xullo de 2018.

A Área de Calidade propuxo á Comisión de Calidade da universidade conceder o selo de calidade ás facultades e escolas que certificaron a implantación do seu SGC coa ACSUG nos anos 2016 e 2017 (Escola de Enxeñaría Forestal, Facultade de Ciencias da Educación de do Deporte e Facultade de Historia). A Facultade de Química recibiu o certificado en xuño de 2018, polo que se proporá para concesión do selo na vindeira reunión da Comisión de Calidade.

Sistema de Calidade de Doutoramento

O deseño deste sistema de calidade é centralizado, isto é, abrangue todos os programas de doutoramento (PD) oficiais da Universidade de Vigo. O SGC está en fase de deseño. O obxectivo é garantir a súa dispoñibilidade no momento da renovación da acreditación dos PD (2019). A Área de Calidade dinamizou durante o curso 2017/18, en coordinación coa dirección da Eido e co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, o traballo de análise e desenvolvemento dos procesos de funcionamento e da súa documentación, tanto os institucionais (14 procesos) como os específicos da Eido (4 procesos).

Ademais, participou activamente no funcionamento da Comisión de Calidade da Eido e no deseño da web institucional da Eido, para harmonizar os seus contidos coas exixencias de calidade.

Programa de Seguimento das Titulacións

Grao e mestrado

Neste curso académico continuouse desenvolvendo o Programa de Seguimento das titulacións. De forma novedosa o informe de seguimento das titulación integrouse nun informe anual de centro (Informe de Revisión pola Dirección) co obxectivo de reducir a carga burocrática e simplificar, na medida do posible a documentación asociada aos programa de calidade.

Suspendeuse temporalmente o proceso de seguimento interno, mediante o cal a Universidade de Vigo asume a través de comisións formadas por persoal docente, a avaliación das titulacións non sometidas ao proceso externo determinado por ACSUG. O obxectivo e actualizar e mellorar esta ferramenta antes de volver a poñela en marcha.

As titulacións avaliadas externamente foron 4 mestrados: Prevención de Riscos laborais, Nutrición, Arte Contemporánea e Investigación en Actividade Física e do Deporte. No momento de redacción deste informe aínda non se recibiron dende ACSUG os correspondentes informes de avaliación.

Doutoramento

A Área de Calidade participou na elaboración da Guía para o seguimento e a acreditación dos títulos oficiais de doutoramento (v2_30.01.2018) coordinada pola ACSUG.

O inicio do curso 17/18 recibiu a avaliación da ACSUG do seguimento dos primeiros PD (en referencia ao curso 2015/16). Estes 11 PD, verificados no 2013/14 agás o PD Campus do Mar, foron parte da primeira convocatoria piloto e foron propostos pola Eido: 9 baixo a responsabilidade da UVigo e 2 da USC. Os informes de avaliación da ACSUG recibíronse entre outubro de 2017 e febreiro de 2018.

Presentáronse 10 programas de doutoramento á convocatoria 2016-2017 (Avalía 2015-16). En síntese, os resultados foron positivos. A única avaliación non conforme, o PD Ciencias Mariñas, foi froito da súa complexidade e de desaxustes que foron tratados cunha re-verificación do PD. A maiores, dos dous PD coordinados pola USC, o PD en Ciencia e Tecnoloxía Química foi Non Conforme e o PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura foi Conforme.

A convocatoria 2017/18 avaliou o resto dos PD verificados no 2013/14, un total de 20 programas de doutoramento (14 son responsabilidade da UVigo, dos cales 5 son interuniversitarios e 6 programas responsabilidade da USC)

A Área de Calidade organizou no mes de febreiro de 2018 sesións de información para explicar e coordinar as actividades da convocatoria e deu soporte técnico e de xestión a este proceso.

No mes de xullo de 2018 recibíronse 3 informes de avaliación externa (Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais; Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces; Biotecnoloxía Avanzada). O resultado dos 3 é Conforme. O resto espéranse para o inicio do curso 2018/19.

Enquisas de satisfacción coas titulacións

Grao e mestrado

No curso 2017-2018 leváronse a cabo as enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais dos seguintes grupos de interese cun novo cuestionario revisado por un grupo de traballo multidisciplinar: alumnado e persoas tituladas.

| Enquisas de satisfacción coas titulacións | | | | | | |
|---|----------------------|--------|-------|-------------------------------|--------|-------|
| | Participación Global | | | Índice de satisfacción global | | |
| | Home | Muller | Total | Home | Muller | Total |
| Alumnado | 28% | 36% | 32% | 3,17 | 3,11 | 3,14 |
| Persoas tituladas | 19% | 25% | 23% | 3,48 | 3,27 | 3,34 |

No que se refire ás enquisas de alumnado, a participación aumentou en mais de 2 puntos porcentuais pasando dun 29,7% a un 32%. O índice de satisfacción mantívose invariable respecto ao curso académico anterior. Para as persoas tituladas, aínda que o índice de satisfacción global na Universidade de Vigo é lixeiramente superior ao obtido no curso anterior, o certo é que a participación descendeu dun 38% ata un 23%.

Doutoramento

A Área de Calidade deseño e presentou en febreiro de 2018 na Comisión de Calidade da Eido o primeiro deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD para os cursos 2017/18 e 2018/19. O documento aprobouse para desenvolver. Realizáronse actividades de medición da satisfacción en Doutorandos/as (enquisa de 1º ano e 3º ano) e Profesorado (titores de teses de 2012/13 a 2017/18). A Área de Calidade dinamizou a elaboración e a aprobación deste cuestionario na Comisión de Calidade da Eido.

O resto dos grupos de interese avaliáranse segundo o deseño aprobado ao longo do 2018/19.

| Enquisas de satisfacción coas titulacións | | | |
|---|----------------------|--|-------------------------------|
| | Participación Global | | Índice de satisfacción global |
| | Total | | Total |
| Doutorandos/as 1º ano | 51% | | 3,34 |
| Doutorandos/as 3º ano | 47,3% | | 3,49 |
| Profesorado | 52,73% | | 3,65 |

Enquisas de avaliación docente

Os períodos de realización das enquisas foron do 9 de outubro ao 21 de decembro para o primeiro cuadrimestre e do 26 de febreiro ao 4 de maio para o segundo.

No curso 17/18 avaliáronse 1.481 docentes e 2.180 materias distintas e planificáronse a realización de 6374 enquisas e realizáronse un total de 71.473 cuestionarios que se corresponden con o 47,2% do total.

No curso 16/17 houbo unha participación do 44,5%. O resultado global (nun escala 1/5) das avaliacións aumentou do 3,83 ao 3,87. Sendo o ítem mellor valorado a adecuación ao recollido na guía docente (4,02) e o ítem peor valorado é o fomento a participación e motivación do alumnado.

Guías Docentes

Como todos os cursos académicos, xestionouse a apertura das guías docentes para o curso 2018-2019. Dende a Área de Calidade coordináronse os prazos e tarefas de modificación e publicación das guías para o seguinte curso académico. Xunto cos servizos informáticos resolvéronse distintas incidencias relacionadas co proceso.

Verificación e modificación de titulacións

Durante o curso 2017-2018 traballouse no deseño de 10 novas titulacións a implantar na Universidade de Vigo. Tamén se acometeron as modificacións de memoria de 12 titulacións de grao e mestrado.

Carta de Servizos

A Área de Calidade colaborou coa Unidade de Análises e Programas, xa no ano 2016, no proceso de xestión das últimas cartas de servizo aprobadas. Dado que o programa non está en funcionamento activo desde aquela, a Área de Calidade presentou unha proposta de reforma do programa, tratada na Comisión Técnica de Calidade .

Comisión de Calidade da Universidade de Vigo

A Área de Calidade organizou e dinamizou o funcionamento da Comisión de Calidade da universidade, que preside o reitor. A Comisión de Calidade reuniuse nunha ocasión, de xeito ordinario, no curso 2017/18, cos principais temas tratados foron o informe sobre a proceso

de acreditación dos títulos oficiais de grao e mestrado do curso 2016/17, expuxéronse os resultados do proceso de certificación da implantación do SGC 2017 e aprobouse o selo de calidade para as facultades e escolas certificadas no 2016 e 2017.

Comisión Técnica de Calidade (CTC)


A Área de Calidade organizou e dinamizou o funcionamento da Comisión Técnica de Calidade da universidade, que preside a Xerencia.

A CTC reuniuse en dúas ocasións, de xeito ordinario, no curso 2017/18. Os principais temas tratados na primeira reunión (20/12/2017) foron a integración do sistemas de queixas da Biblioteca no sistema QSP institucional, a análise da situación dos centros e servizos certificados e a presentación da proposta de SGC institucional. Na segunda xuntanza (19/04/2018) aprobouse a proposta de modificación do programa de carta de servizos integrando varias cuestións (responsabilidade social, desenvolvemento sostible, transparencia...), aprobouse o informe do sistema de xestión de QSP 2017 da universidade e presentouse a proposta de regulamento do sistema de xestión de QSP da universidade.

Web de Calidade da Universidade

A Área de Calidade deseñou e elaborou a nova web de Calidade da universidade, dentro do proxecto institucional de renovación da súa imaxe web. Este proxecto foi presentado pola Xerencia á Área de Calidade en marzo de 2018. Desde ese momento, comezou o proceso de deseño e elaboración que rematou no mes de xuño de 2018 aproximadamente.

A nova web integra toda a información dispoñible sobre calidade da universidade, e isto en todos os ámbitos (xestión, docencia e investigación). Pretende ser unha porta de entrada e dar unha visión xeral sobre todos os programas de calidade activos, os seus resultados e os seus logros, como certificacións e acreditacións. Tamén inclúe información dinámica sobre as novas, avisos ou eventos máis relevantes neste eido.





Área de Formación e Innovación Educativa

Programa de Formación Permanente do Profesorado

No ano académico 2017-18 leváronse a cabo un total de 26 cursos que axudaron a desenvolver as diferentes competencias docentes. Realizáronse actividades formativas relacionadas coas competencias docentes de planificación, metodoloxías, tipoloxías de avaliación, integración de medios tecnolóxicos, comunicación, motivación, integración e investigación.

Para tentar adaptarse ás necesidades do profesorado incrementáronse os cursos en modalidade virtual e semipresencial.

Algunhas das actividades formativas foron coorganizadas con outras institucións, como a Oficina de Software Libre (OSL), a Unidade de Igualdade, o Servizo de Persoal de Administración e Servizos ou a Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI).

A demanda de cursos ponse de manifesto no número de preinscricións. Recibíronse 870 preinscricións para participar nas actividades desenvolvidas.

Un total de 337 profesores/as participaron nas formacións.

Datos dos/as participantes nas formacións desagregados por sexo:

| | |
|--------------|------------|
| Mulleres | 175 |
| Homes | 162 |
| Total | 337 |

Desenvolvéronse un total de 26 cursos que se distribuíron en modalidade presencial e virtual:

| | |
|-----------------------|-----------|
| Modalidade virtual | 6 |
| Modalidade presencial | 20 |
| Campus de Ourense | 3 |
| Campus de Pontevedra | 3 |
| Campus de Vigo | 14 |
| Total | 26 |

Os cursos desenvolvidos foron os seguintes:

Modalidade virtual

- Análise estatística con RCommander.
- Iniciación a GNU Octave.
- Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus.
- E-portafolios como expresión dunha contorna persoal de aprendizaxe académica e profesional.
- Análise estatística básica de datos con Rcommander.
- Creación de infografía e deseños vectoriais.

Modalidade presencial

- Curso de iniciación ao Moodle (2 edicións).
- A creación de empresas baseadas na investigación universitaria (Spin-off). Aspectos legais, técnicos e financeiro. (3 edicións).
- Gamificación na docencia universitaria (2 edicións).
- Práctica do discurso oral en inglés en foros internacionais (2 edicións).
- Incorporación da análise de xénero á investigación.
- Intelixencia emocional e competencias transversais na aula.
- Deseño de páxinas web con software libre con Kompozer
- Creación de apps móbiles para Android con AppInventor e Thinkable.
- Conceptos, lexislación e políticas de igualdade na Universidade de Vigo.
- Iniciación ao coaching educativo na contorna universitaria.
- Introducción ao desenvolvemento de laboratorios virtuais.
- Mellora das habilidades comunicativas na docencia.
- Mindfulness e docencia.
- Práctica do discurso oral na aula.
- WordPress autoxestionado. Controla a túa web con este CMS desde a súa instalación ata ao seu mantemento.

Grupos de Innovación Docente

Para seguir impulsando a reflexión sobre a práctica docente e apoiando as iniciativas que dean un impacto na mellora da calidade docente xeráronse 11 novos Grupos de Innovación Docente.

A continuación lístanse os nomes e o coordinador/a dos GID creados:

- CFD (Dinámica de Flúidos Computacional) aplicada a la docencia. Coordinadora: Concepción Paz Penín.
- COMTECART (Comunicación, Tecnoloxía e Contornas Virtuais). Coordinador: Antonio Pena Giménez.
- I2DH (Investigación e Innovación Docente en Historia). Coordinador: Julio Prada Rodríguez.
- ICAROLab. Coordinador: Francisco Javier Díaz Otero.
- GIDAAQ (Grupo de Innovación Docente para a Aprendizaxe Activa en Química). Coordinadora: María Beatriz Iglesias Antelo.
- GIDEP (Grupo de Innovación Docente en EduAcción Patrimonial). Coordinadora: Beatriz Comendador Rey.
- Virtualia (Virtualización de materias na docencia universitaria empregando metodoloxías activas. Antonio Fernández Álvarez.
- Pra&Emp (Prácticas na empresa). Rocío Rodríguez Daponte.
- XEODA (Xeoloxía Orientada á Docencia). Natalia Caparrini Marín.
- LIMOPE (Liderazgo y Motivación de Personas y Equipos). Ana M. Mejías Sacaluga.
- Mundo Microbio. María Teresa Pérez Álvarez.

O 26 de febreiro de 2018 publicouse a convocatoria de axudas económicas para a divulgación das actividades dos Grupos de Innovación Educativa. Para esta finalidade destináronse 9.000 €. A iniciativa tivo como obxecto apoiar a xeración de materiais docentes para a docencia universitaria, sufragar actividades de divulgación docente e participar en congresos.

Actividades de formación en centros e departamentos recoñecidas como formación permanente do profesorado

Neste ano académico recoñecéronse as seguintes actividades de formación coma formación permanente do profesorado:

- Didáctica da Estatística.
- Aprendizaxe baseada en proxectos. Da teoría á aula.
- Técnicas e estruturas de ensino-aprendizaxe cooperativas na docencia universitaria.
- Taller sobre como elaborar un artigo de comunicación. Comunicación, difusión e impacto. Plaxio ou coincidencias?
- Modelo EFQM de xestión da calidade na Universidade de Xaén.
- European Culture, a Contribution for a New Narrative of Europe-Jean Monnet Project.
- II Simposio Internacional de Aprendizaxe-servizo na Universidade.
- Metodoloxías activas e activación da aprendizaxe en Ciencias.
- Deseño de instrumentos para a avaliación da aprendizaxe baseada en proxectos.
- Edición de contidos da web da Universidade de Vigo.

Proxecto de Implantación dun Modelo Titorial Baseado na Mentoría/MEET-Uvigo

Esta iniciativa consiste en que alumnado dos últimos cursos do grao mentorice ao alumnado de primeiro ano. Para desenvolver esta labor os mentores/as reciben unha formación de 98,5 horas en competencias transversais.

Esta práctica comezou na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Nun primeiro momento a formación era impartida por profesionais do mundo do coaching,

mais para poder transferir esta práctica a máis centros, optouse por formar intensivamente a un grupo de profesores/as da Universidade de Vigo e que este se encargase desta tarefa.

No ano académico 2017-18 participaron os seguintes graos:

- Tecnoloxías da Telecomunicación.
- Linguas Estranxeiras.
- Recursos Mineiros.
- Enerxéticos Enerxía.
- Química

A formación do alumnado mentor desenvólvese antes de comezar o curso académico. Entre os meses de xuño e de setembro. En xuño de 2018 impartíuse a segunda formación levada a cabo enteiramente por profesores/as da Universidade de Vigo. As enquisas revelaron o éxito do programa. Algunhas das respostas recollidas das enquisas son as seguintes:

“Unha gran experiencia, cunha nova visión do mundo e apertura de mente.”

“O programa ofrece coñecementos esenciais sobre temas verdadeiramente importantes para a vida, non so aprender a ser mentor/a, senón tamén a evolucionar como persoa.”

“Lévome a aprendizaxe de min mesmo e saber como poder axudarlle aos demais.”

“Comprensión máis fonda de min mesma, un bo ambiente co grupo e novos puntos de vista á hora de tomar decisións.”





Biblioteca

Ao longo do curso 2017-2018 a Biblioteca Universitaria despregou a súa actividade en tres eixos principais: mantemento e incremento das coleccións bibliográficas, prestación dos seus servizos á comunidade universitaria e mellora continua do sistema de xestión da calidade. Como principal novidade deste curso hai que salientar a aprobación do novo regulamento da Biblioteca Universitaria polo Consello de Goberno na súa sesión de 21 de marzo de 2018. Aos servizos e actividades bibliotecarias, engádense os servizos prestados polo Arquivo Universitario encadrado ata o de agora na Biblioteca Universitaria como unha sección.

Recursos e servizos bibliotecarios

Considerando todos os libros e documentos en papel e outros soportes tanxibles e maila oferta de recursos electrónicos en rede, a finais de xullo de 2018 a Biblioteca Universitaria poñía a disposición da comunidade universitaria os seguintes fondos bibliográficos e documentais:

- 660.819 libros
- 28.729 publicacións seriadas (delas 19.100 son revistas-e a texto completo)
- 140.427 libros electrónicos
- 2.401 mapas
- 2.546 rexistros sonoros

- 13.026 vídeos e DVDs
- 13.348 CD-ROMs
- 49 bases de datos en liña

Do mesmo xeito, neste curso proseguíu o acrecentamento das coleccións da biblioteca dixital coa adquisición de libros electrónicos das editoriais Springer e Wiley mediante o modelo de compra baseada no uso de acordo coas estatísticas de consulta e descarga polas persoas usuarias.

Alén de ofrecer á comunidade universitaria e as outras persoas usuarias alleas á institución os seus fondos bibliográficos por medio do libre acceso e a lectura en sala, a biblioteca facilita o uso destes fondos co servizo de préstamo que neste curso rexistrou un total de 243.503 transaccións (préstamos, devolucións, renovacións, reservas e reclamacións), das cales 87.708 corresponderon a préstamos e 54.670 a renovacións de préstamos.

Pola súa banda, o servizo de préstamo interbibliotecario e acceso ao documento tramitou ao longo do curso un total de 1.110 solicitudes de documentos a bibliotecas alleas á Universidade de Vigo e atendeu 1.128 peticións de envío de documentos propios a bibliotecas externas.

No eido do repositorio institucional de acceso aberto Investigo, ao remate do curso, tiña un total de 975 depósitos de documentos, dos cales 812 correspondían

a teses de doutoramento, 101 a artigos científicos, 36 a comunicacións e ponencias a congresos, 13 a libros e 13 a capítulos de libros.

Verbo das actividades de formación de usuarios e usuarias, a Biblioteca desenvolveu neste curso un total de 121 cursos, 39 deles na modalidade virtual e 82 na presencial.

Como en cursos anteriores, a Biblioteca desenvolveu unha programación de aperturas especiais de bibliotecas durante os períodos de exames e probas de avaliación. As aperturas leváronse a cabo nas bibliotecas de Torrecedeira, central de Ourense e central de Pontevedra, tanto en días laborables (de luns a venres de 8.00 a 3:00 da madrugada), como en fins de semana (sábados e domingos de 8:00 a 22:00 h., aínda que co reforzo da apertura da biblioteca central do campus Lagoas-Marcosende en fins de semana en horario de 9:00 a 21:00 h.). Estas aperturas abrangueron as seguintes datas: 25 de novembro a 21 de decembro de 2017, 6 a 18 de xaneiro de 2018 e 21 de abril a 8 de xullo de 2018.

Xestión da calidade e xestión ambiental

No ámbito da xestión de calidade, a Biblioteca levou a cabo unha auditoría interna do seu sistema de xestión ISO 9001 os días 11 e 18 de outubro de 2017, un proceso de revisión pola dirección pola Xunta Técnica (10 de novembro) e unha auditoría externa pola auditora DNV-GL os días 21 e 22 de novembro dese mesmo ano. Esta auditoría, que engadía a comprobación da adaptación do sistema á nova versión 2015 da norma, tivo un resultado satisfactorio, non habéndose detectado ningunha non conformidade e formulándose polo equipo auditor un total de dúas observacións.

Ao longo do ano 2017 realizouse unha enquisa web sobre a satisfacción xeral dos usuarios e usuarias coa Biblioteca, acadándose unha valoración de 4,2 sobre 5.

Cooperación bibliotecaria

No marco da súa participación no Consorcio Bugalicia, a Biblioteca interveu, a través do seu Director, na Comisión Técnica do Consorcio con asistencia ás xuntanzas de outubro de 2017 e de xuño de 2018.

No que concirne á cooperación co resto de bibliotecas universitarias españolas, a Biblioteca Universitaria estivo presente na XXV Asemblea anual da rede española de bibliotecas universitarias (CRUE-REBIUN) celebrada en

Logroño os días 15 a 17 de novembro de 2017. Neste mesmo ámbito, a Biblioteca da Universidade de Vigo coordina a Liña 1 do III Plan Estratégico de REBIUN no que participan as bibliotecas das universidades de Almería, Barcelona, Cádiz, Complutense de Madrid, Extremadura, Granada, IE University e Lleida. Neste eido a biblioteca interveu, a través do seu director, no curso selectivo de facultativos e axudantes de bibliotecas da OEP de 2015 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, o 1 de marzo de 2015 cunha presentación sobre o plan estratégico Rebiun 2020. Así mesmo presentou unha comunicación no XIV Foro FECIES celebrado en Granada os días 22 a 24 de xuño de 2017 titulada “El papel de Rebiun en el establecimiento de buenas prácticas bibliotecarias”.


Arquivo Universitario

O Arquivo Universitario, como unidade responsable de garantir a xestión, organización, accesibilidade, tratamento e conservación do patrimonio documental da Universidade de Vigo, rexistrou no curso 2017/18 os seguintes datos relativos á súa xestión:

- Transferencias realizadas dende os arquivos de xestión ao Arquivo Xeral: 22 transferencias, ingresando un total de 540 unidades de instalación.
- Préstamo de documentos ás unidades administrativas: 98 trámites.
- Solicitudes externas de información e acceso: 4 solicitudes.

Na liña das actuacións dirixidas á mellora das condicións de instalación, control e accesibilidade dos fondos históricos da universidade, ao longo deste curso académico levouse a cabo a descrición arquivística de 2.890 expedientes pertencentes ao fondo da Escola de Comercio de Vigo, 215 expedientes do fondo da Escola de Maxisterio de Pontevedra e 598 expedientes do fondo da Escola de Maxisterio de Ourense.

Por outra banda, no presente curso o Arquivo iniciou unha liña de traballo que ten por obxecto a descrición arquivística completa a nivel de expediente daquelas series documentais que reúnen un valor histórico. Así, durante este curso, revisáronse 110 unidades de instalación que albergan un total de 1.100 expedientes comprendidos nas datas 1990 a 2001.





Oficina de I+D

A misión da Oficina de I+D é a de potenciar a utilización do coñecemento científico-tecnolóxico, humanístico e social na nosa contorna socioeconómica, fomentando as relacións cos distintos axentes do sistema de innovación e a I+D colaborativa no ámbito internacional, interactuando coas empresas e centros de investigación, propiciando a explotación dos resultados, consolidando iniciativas emprendedoras baseadas na investigación e contribuíndo en nome da universidade á xeración de riqueza e benestar.

Indicadores da actividade de transferencia curso 2017-2018

| Actividades de Transferencia | Total |
|--|-------|
| Contratos, acordos colaborativos de I+D e de transferencia | |
| Contratos de I+D asesorados e asinados | 73 |
| Solicitudes proxectos de I+D empresarial en convocatorias públicas | 106 |
| Contratos de Licenza | 7 |
| Acordos de Confidencialidade | 32 |
| Acordos de Transferencia de Material | 3 |
| Programa IGNICIA de maduración de resultados | |
| Proxectos acompañados e presentados en 2018 | 11 |

| | |
|---|-----|
| Proxectos seleccionados para a segunda fase | 6 |
| Proxectos europeos de I+D | |
| Propostas presentadas | 137 |
| Proxectos en vigor xestionados | 53 |
| Patentes solicitadas | |
| Nacionais | 5 |
| Internacionais | 12 |
| Spin-off | |
| Titorizadas | 7 |
| Creadas | 2 |

Balance de indicadores de transferencia

I+D colaborativa e baixo contrato: Durante este curso asesoráronse desde a Oficina de I+D un total de 73 contratos por un importe de 2.352.090,74€, dos cales 33 encádranse en convocatorias públicas, por un importe de 1.240.144,32€. Asimesmo, co apoio da oficina, presentáronse 106 solicitudes de proxectos de I+D empresarial en convocatorias públicas, por un importe de máis de 2.600.000€.

•

Proxectos de I+D de ámbito internacional

Neste curso 2017-2018 presentáronse 59 propostas ao Programa H2020, 55 aos Programas de Cooperación Territorial (INTERREG), e 23 a outros programas europeos de investigación e innovación, o que fai un total de 137 propostas para un total de 40 millóns de euros de subvención solicitada.

Do mesmo xeito, durante o curso, deuse apoio na xestión de 53 proxectos europeos en vigor que representan unha subvención total de 17.000.000 de euros.

Patentes, licenzas e outros acordos de transferencia

Neste curso 2017-2018, tramitáronse 5 solicitudes de patentes nacionais e 12 patentes europeas e internacionais. Asináronse 7 contratos de licenza, baseados en patentes, software e know-how. Nestes acordos estipúlase, habitualmente, un retorno para a Universidade en función do volume de vendas que a empresa licenciataria xenere pola comercialización do produto.

Dentro da actividade cotiá de apoio á transferencia de coñecemento, asináronse un total de 32 acordos de confidencialidade e 3 acordos de transferencia de material (MTA).

Spin-off

En canto ao apoio na creación de spin-off baseadas na I+D, neste curso titorizáronse 7 iniciativas de grupos de investigadores promotores, e puxéronse en marcha 2 empresas coas que se acadou o correspondente acordo de transferencia: Energio Advance SL (Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos) e Mycogalicia SL (Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo).

Asimesmo renovouse a convocatoria pública de subvencións a EBTs para a localización nos espazos dispoñibles da Universidade de Vigo en CITEXVI (Campus de Vigo), Centro de Iniciativas Empresariais (Ourense) e a Cámara de Comercio (Pontevedra) para a súa incubación. Estas axudas dan apoio as spin-off asumindo os alugueres dos devanditos locais cunha subvención do 50% por parte da universidade.

Programa de maduración de resultados: Ignicia

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) convocou novamente en 2018 as axudas do programa IGNICIA - proba de concepto. Desde a Oficina de I+D realizouse a tarefa de promoción, difusión e identificación de resultados dos grupos de I+D da UVigo que estiveran no estado de maduración que requería o programa, coa finalidade de obter o financiamento que puidese achegalos ao mercado.

Acompañouse e apoiouse na preparación e enfoque da candidatura aos grupos de investigación promotores e finalmente presentáronse 11 proxectos. Na primeira avaliación 6 deles foron considerados relevantes dende o punto de vista da súa aplicabilidade no mercado e neste momento atópanse pendentes da avaliación final que seleccionará os proxectos propostos para a fase de inversión. Os proxectos seleccionados na primeira fase son: SURFACORN, AIDFORK, Panel CCR, CELIA, BCORE e Radio UAV.

Participación en proxectos

A Oficina de I+D integrouse en varias candidaturas da convocatoria de proxectos INTERREG-POCTEP e ATLANTIC AREA:

- NET4Innovation: coordinado pola Universidade de Tras os Montes e Alto Douro, busca a creación dunha rede transfronteiriza de transferencia de tecnoloxía e do coñecemento. Programa Poctep.
- Sherpa do Mar: Coordinado pola Universidade de Vigo, pretende establecer unha plataforma eurorrexional de fomento da competitividade no ámbito mariño e marítimo a través do impulso de empresas de base tecnolóxica. Program Poctep.
- EcoPYME 4.0: Proxecto que ten como obxectivo mellorar a competitividade e eficiencia das micropeme de certos sectores industriais. Programa Poctep
- Plataforma para a transferencia tecnolóxica no Espazo Atlántico: Capitalización da PI en sectores clave, no que participan parceiros de España, Portugal, Francia e Irlanda. Programa Atlantic Area

Asímesmo, a Oficina de I+D participa nos seguintes proxectos:

- B2iCEO. Proxecto desenvolvido en colaboración coa Confederación de Empresarios de Ourense, que ten como obxectivo impulsar proxectos de innovación nos ámbitos da industria 4.0 e da Economía circular.
- Proxecto ETEA e proxecto Campus do Mar, dos que se celebraron dúas reunións o 29 de setembro e o 6 de outubro de 2017.

Actuacións de Promoción e Marketing

Neste curso, as actividades de promoción máis salientables son:

- Xornadas: “A transferencia do coñecemento. Achegando os resultados da I+D+i á Sociedade”: A Oficina de I+D da Universidade de Vigo organizou nos tres campus da UVIGO unha xornada divulgativa/formativa co obxectivo de amosar á comunidade investigadora as diferentes vías que existen para facilitar o tránsito efectivo dos coñecementos xerados desde a universidade cara á sociedade, ademais de dar a coñecer os servizos que a Oficina presta aos grupos de investigación.
- Máis de 140 persoas participaron nesta actividade que tivo lugar en Vigo (Salón de actos do CITE XVI) o 21 de febreiro, en Ourense (Edificio Politécnico) o 7 de marzo e en Pontevedra (Casa das Campás) o 17 de abril.
- Xornada de presentación do programa IGNICIA: Organizada por GAIN, coa colaboración da Oficina de I+D, Esta xornada tivo lugar no salón de actos do CITE XVI o día 14 de maio e nela presentouse a convocatoria de financiamento e as oportunidades que ofrece aos grupos de investigación da Universidade.
-
- Foro Transfiere 2018. A nosa universidade participou por cuarto ano consecutivo neste evento internacional onde presentou e promocionou a carteira de resultados. Desenvolveuse en Málaga os días 14 e 15 de febreiro .
- Máis de 200 grupos están censados na base de datos de capacidades de I+D+i (<http://bidi.uvigo.es>),

poñendo a disposición da contorna socioeconómica todo o potencial científico, tecnolóxico, humanístico e social da nosa universidade, accesible tanto en inglés, coma en castelán e galego.

- Dispoñemos de catálogos de oferta de I+D+i nos seguintes sectores: Biotecnoloxía, Recursos mariños, Agroalimentación, Ciencias humanas e sociais, TIC, Enerxías renovables e medioambiente, Sector Naval, Sector da Construción, Acuicultura.
- http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/investigacion/transferencia/oferta/publicacions/index.html
- Dispoñemos dunha carteira de resultados de I+D+i conformada por máis de 180 patentes, tecnoloxías, e know-how dispoñibles para o seu licenciamento. No escaparate virtual de resultados pódese acceder a unhas 40 fichas comerciais, distribuídas por sectores. Asímesmo no portal Innoget, (otrivigo.innoget.com), marketplace dirixido a oferta e a demanda de I+D+i, están dispoñibles 18 dos nosos resultados, nos seguintes sectores: TIC, Enerxías, Física, Bioloxía, Agricultura, Agroindustria e Recursos mariños, Medioambiente, Materiais, Fabricación...

Organización e participación en eventos

Organización de cursos para PDI:

- Curso sobre a creación de EBTs universitarias, organizado pola Área de Innovación Educativa en colaboración coa Oficina de I+D, desenvolvido no campus de Vigo os días 11 e 12 de decembro de 2017.
- Curso sobre o modelo de negocio Lean Canvas, aplicado ás EBTs do ámbito universitario, organizado conxuntamente pola Área de Innovación Educativa e a Oficina de I+D, desenvolvido no campus de Vigo os días 16 e 23 de xaneiro de 2018.

Impartición de conferencias:

- Conferencia sobre protección e explotación dos resultados de investigación, impartida no Máster de Química Industrial da Universidade de Vigo o 5 de febreiro.
- Conferencia e participación na mesa redonda do curso ICEMAR (Curso Superior en Innovación, competitividad y emprendimiento en torno al mar) nas aulas de formación da Asociación de Armadores

de Vigo (ARVI) o 3 de maio de 2018

- Participación na mesa redonda da clausura da 1ª edición de ICEMAR, o 21 de xuño de 2018 no Museo do Mar de Galicia en Vigo.

Participación en eventos:

- Asistencia á entrega de premios de BIOGA, o 10 de novembro de 2017 en Pontearreas.
- Participación na 4ª edición do Investors Day, organizado pola aceleradora Vía Galicia do Consorcio da Zona Franca de Vigo o 15 de novembro de 2017.
- Acto de inauguración do edificio CACTI-CINBIO “Dra. Olimpia Valencia”. A Oficina de I+D estivo representada no acto de inauguración que tivo lugar o pasado 5 de decembro de 2017.
- Jornadas de Automatización Industrial – JAI 2018: participación nestas xornadas orientadas ás tecnoloxías e solucións para a automatización industrial, celebradas entre o 12 e o 16 de marzo na Escola de Enxeñería Industrial do campus de Vigo.
- Xornada de presentación do proxecto B2i en colaboración con CEO/IGAPE por encargo da vecerreitoría do Campus de Ourense, o 6 de abril de 2018.
- Asistencia á Conferencia Anual RedOTRI 2018, que se organizou os días 17 e 18 de maio en Barcelona, auspiciada pola Universitat Oberta de Catalunya. A este evento assistiron a directora técnica de Oficina de I+D e unha técnico.
- XIII encontro da red UGI (Red de Unidades de Gestión de la Investigación). A directora técnica da Oficina de I+D participou nesta actividade, desenvolvida en Santiago os días 7 e 8 de xuño de 2018.

Recepción de delegacións estranxeiras

- Reunión con representantes da empresa Renner (Italia). No edificio CITEXVI o 9 de maio, co obxectivo de explorar as vías de desenvolvemento dun contrato de investigación e transferencia entre ambas institucións.
- Reunión o 10 de maio de 2018 cunha delegación de universidades de Perú
- Reunión o 1 de agosto de 2018 con delegación empresarial chilena.


Asistencia a cursos e xornadas de formación

- Curso sobre patentes e modelos de utilidade: organizado polo Centre de Patents da Universidade de Barcelona e a Oficina Española de Patentes e Marcas. Desenvolveuse en Madrid entre o 12 e o 16 de febreiro e nel participou un técnico da Oficina de I+D
- Curso sobre Creación de Empresas de Base Tecnolóxica desde Centros Públicos de Investigación, promovido por RedOTRI, que tivo lugar en Madrid os días 18 e 19 de xuño, coa participación dun técnico da oficina.

Participación en comités de avaliación

- Ao longo do mes de outubro de 2017, desde a Oficina de I+D participou na avaliación de catro proxectos presentados á convocatoria da aceleradora Vía Galicia, promovida polo Consorcio da Zona Franca de Vigo.
- Membro do xurado de Emprendedor XXI, participando na avaliación de iniciativas presentadas e na entrega de premios o 6 de marzo de 2018





Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

A mobilidade de estudantes, PDI e PAS da Universidade de Vigo

Estudantes

Durante o curso 2017-18 un total 632 estudantes da Universidade de Vigo participaron en programas de mobilidade internacional, de estudos ou prácticas. 250 homes e 382 mulleres.

O programa Erasmus+ Estudos

Un total de 461 estudantes, 180 homes e 281 mulleres, da UVigo cursaron parte da súa formación noutros centros de educación superior en Europa co programa Erasmus+. Destes, 260 estudantes procedían do campus de Vigo, 96 de Ourense e 105 de Pontevedra. As preferencias por país son Italia, Portugal e Polonia quedando Alemaña en 4º lugar de destino.

O Programa de bolsas propias da Universidade de Vigo

Un total de 50 estudantes, 28 mulleres e 22 homes, gozaron dunha bolsa propia da Universidade de Vigo en países extracomunitarios: 11 do campus de Ourense, 18 do campus de Pontevedra e 21 do campus de Vigo. Chile

con 13 estadías, Brasil con 11 e México con 6 destacan como países preferentes.

O programa ISEP

No marco do programa ISEP, 15 estudantes, 4 homes e 11 mulleres, cursaron estudos en universidades norteamericanas, 10 do campus de Vigo, 2 do campus de Ourense e 3 do campus de Pontevedra.

O programa de bolsas Iberoamérica estudantes de Grao

Gozaron de bolsas no marco desta convocatoria 16 estudantes, 3 homes e 13 mulleres: 6 do campus de Ourense, 5 do campus de Pontevedra e 5 do campus de Vigo.

O programa GE4

2 estudantes do campus de Vigo, 1 home e 1 muller, gozaron de bolsas no marco desta convocatoria en China e Singapur.

O programa de bolsas Iberoamérica Investigación

Un estudante, home, gozou dunha estadía en Portugal ao abeiro deste programa.

Mobilidade de curta duración no marco de proxectos Erasmus + KA2: LSTI e ILPA

5 estudantes realizaron mobilidades de curta duración, 3 mulleres e 2 homes, da Facultade de Tradución e Interpretación. O curso tivo lugar en Francia.

O programa de prácticas Erasmus

57 estudantes (31 mulleres e 26 homes), participaron no Erasmus prácticas. O alumnado realizou prácticas nos seguintes países: Austria, República Checa, Dinamarca, Francia, Alemaña, Hungría, Irlanda, Italia, Lituania, Países Baixos, Noruega, Polonia, Portugal, Eslovaquia e Reino Unido. Destacan como destinos preferidos: Portugal con 14 mobilidades e Francia, Italia e Reino Unido, con 6 mobilidades en cada un deles. O centro con máis alumnos participantes foi a Escola de Enxeñaría Industrial con 22 participantes, seguida da Facultade de Bioloxía con 7 participantes.

O programa de Libre Mobilidade

3 estudantes, 2 homes e 1 muller desprazáronse a China e Cabo Verde para un período de investigación como estudantes de doutoramento.

O programa Erasmus + KA107 con países asociados

No curso 16-17, leváronse a cabo as primeiras mobilidades con países asociados financiadas polo programa Erasmus+, acción KA107. 2 estudantes, 1 home e 1 muller desprazáronse a China para un período de investigación como estudantes de doutoramento.

Outros programas

No proxecto CBHE Dockside (Capacity Building) enviáronse 2 estudantes mulleres de doutoramento a Camboia. Grazas a Erasmus EuroInkanet, 2 estudantes mulleres realizaron unha estadía en Perú.

PDI: 132

139 profesores e investigadores realizaron estadías no estranxeiro co programa Erasmus + KA103, 80 mulleres e 59 homes. 22 do campus de Ourense, 20 de Pontevedra e 62 do campus de Vigo. Portugal e Italia foron os destinos preferentes.

9 profesores no marco do programa Erasmus+ KA107, 5 homes e 4 mulleres, a Albania, Cabo Verde, China, India, Montenegro e Xordania.

2 profesores co proxecto Emundus: 1 profesor, home, da Escola de Telecomunicación realizou unha estadía en Bosnia Herzegovina (GreenTechWB) e 1 profesor, home, da Facultade de Bioloxía en Perú (Euroinkanet).

17 profesores e 7 investigadores co programa IACOBUS, V convocatoria, 15 mulleres e 9 homes realizaron unha estadía nunha universidade portuguesa.

PAS: 5

5 membros do PAS realizaron estadías de mobilidade: 4 co programa Erasmus, 4 homes e, 1 muller co programa IACOBUS.

A mobilidade nacional de estudantes co programa SICUE

Grazas a SICUE enviáronse 108 alumnos dos cales 69 foron mulleres e 39 foron homes; e recibíronse 26 alumnos dos cales 20 foron mulleres e 6 foron homes. Do alumnado saínte 2 foron á Universidad Autónoma de Madrid, 2 á Carlos III, 9 á Complutense de Madrid, 8 á .de Alicante, 3 á de Cádiz, 1 á de Extremadura, 14 á de Granada, 2 á da Laguna, 9 la da Las Palmas de Gran Canaria, 1 á de León, 6 á de Málaga, 1 á de Navarra, 2 á de Oviedo, 3 á de Salamanca, 5 á de Sevilla, 2 á de Valladolid, 2 á de País Vasco, 3 á de Pablo Olavide, 4 á Politécnica de Madrid, 2 á Politécnica de Valencia, 2 á de Pontificia de Salamanca, 1 á Rey Juan Carlos, 3 a Santiago de Compostela, 1 a la Autónoma de Barcelona, 8 á de Barcelona, 2 a la de Islas Baleares, 1 á de Valencia, 2 á la Jaume I y 6 a la Politécnica de Cataluña. Do alumnado entrante 6 procedían da Universidade de Alicante, 3 da de Barcelona, 1 da Carlos III, 3 da Complutense de Madrid, 1 da de Girona, 2 da de Huelva, 2 da Jaume I, 1 da de León, 1 de de Miguel Hernández, 1 da de Murcia, 1 da Politécnica de Madrid, 1 de Salamanca e 3 de Valladolid.

A captación e recepción de estudantes e persoal estranxeiro

Estudantes estranxeiros

A ORI potenciou a recepción de estudantes de todas as nacionalidades, xestionando a mobilidade de 642 estudantes estranxeiros. 399 mulleres e 243 homes. 506 no campus de Vigo, 50 en Ourense e 86 en Pontevedra. 394 estudantes Erasmus, principalmente de Italia 99, Alemaña 70, Francia 55, Polonia 39, Portugal 27, Turquía 18, Romanía 17; Reino Unido 13, Bélxica e Eslovaquia, 9 cada un; Finlandia, República Checa e Lituania 6, cada un; Grecia 5; Austria e Letonia 3, cada un; Hungría, Irlanda e Países Baixos, 2 cada un e Bulgaria, Croacia e Estonia 1, cada un; 137 estudantes de convenios de cooperación bilaterais asinados pola Universidade de Vigo e procedentes de México 60, Arxentina 16; Brasil 11; Chile, 10; China 9; Kazaxstan e República de Corea 8, cada un; Uruguai 6; Canadá, Colombia e Taiwan 2 cada un; Australia, Hong Kong e Estados Unidos 1, cada un; 8 estudantes do convenio específico de colaboración para o recoñecemento mutuo de estudos EM de Brasil; 20 estudantes dentro do programa ISEP procedentes de Estados Unidos 17; Arxentina, Chile e Alemaña 1, cada un; 46 estudantes Erasmus prácticas procedentes de Portugal 13, Italia e Polonia 6, cada un; República Checa, 5, Francia 3; Bélxica, Finlandia e Turquía 2, cada un; Austria, Alemaña, Lituania, Países Baixos, Romanía, Eslovenia e Reino Unido 1, cada un; 11 estudantes visitantes: de China 9 e de Colombia e Alemaña, 1; 11 estudantes no marco do proxecto EMundus GreenTechWB procedentes de Serbia 6, Albania 3, Bosnia-Herzegovina 1 e Montenegro 1; 2 EMundus EuroInkaNet procedentes de Bolivia e México 1 cada un; 6 estudantes do proxecto KA107 procedentes de Cabo Verde 4 e China 2; 2 estudantes da Fundación Carolina procedentes de Paraguai 1 e Colombia 1; 3 estudantes de Prácticas Non Erasmus procedentes de Francia 2 e Países Baixos 1. Recibíronse tamén 2 investigadores no marco do programa IACOBUS V: 1 muller e 1 home procedentes de Portugal.

Recibimos tamén a maiores un total de 38 estudantes visitantes estranxeiros de investigación, 23 mulleres e 15 homes procedentes de Tunisia 7, Italia 6; Irán 5; México 4; Brasil e Reino Unido 3 cada un; Portugal e Romanía 2

cada un; Arxentina, Cuba, Dinamarca, Paraguai, Rusia e Suecia 1 cada un.

Profesores

Desde a ORI facilitouse o apoio institucional para a recepción de 127 PDI, 71 mulleres e 56 homes: 36 con Erasmus+ KA103, 67 con Erasmus +KA107, 22 co programa IACOBUS V, 1 con Erasmus Mundus e 1 co proxecto Dockside.

Persoal de administración e servizos: 16

Recibíronse 23 persoas en diferentes servizos da UVigo, no marco do programa Erasmus+ KA103 e KA107 e no marco do programa IACOBUS V, 6 homes e 17 mulleres.

A participación en programas e proxectos internacionais

A ORI difundiu entre o profesorado a información relativa ás novas convocatorias europeas para presentar proxectos educativos internacionais no marco dos distintos programas promovidos pola Dirección Xeral de Educación e Cultura da Unión Europea e a EACEA, así como as convocatorias de financiamento de proxectos de innovación e de cooperación ao desenvolvemento da AECID e da Xunta de Galicia. Facilitou a comprensión do proceso de solicitude, apoiou na búsqueda de parceiros internacionais e na formación de consorcios, colaborou técnicamente no deseño e desenvolvemento de novas propostas competitivas, etc. En relación aos proxectos educativos internacionais aprobados e en vigor en 2017-18 proporcionouse asistencia e xestión técnica e financeira, así como coordinación de recursos humanos e seguimento na implementación dos seguintes 29 proxectos:

- Erasmus Mundus (2 proxectos): executouse a última anualidade de EMundus Green TECH WB cos Balcáns occidentais baixo a dirección da prof. Ana Fernández e a coordinación técnica de Eva Garea cun total de 20 socios e 27 entidades asociadas, e un total de 2.921.875€. Organizouse en Podgorica, a reunión de clausura do proxecto coa participación da prof. Ana Fernández e Eva Garea, de todos os socios e do representante da EACEA, presentando os resultados de implementación de Green TECH WB. Durante

os catro anos de vixencia do proxecto concedéronse un total de 154 mobilidades, 28 da UE aos Balcáns e 126 dos Balcáns á UE, e en concreto 55 axudas de grao, 32 de máster, 22 de doutoramento, 16 de post-doutoramento e 29 para o personal docente e de administración. Realizouse a última anualidade de EMundus Euroinkanet con América Latina, baixo a dirección da prof. Rebeca Díaz e a coordinación técnica de Eva Garea.

- Acción Jean Monnet (2 proxectos): organizouse o curso previsto do módulo Jean Monnet: ‘Protecting Fundamental Rights in the EU’ coordinado pola prof. Almudena Bergareche; en relación ao Jean Monnet: ‘European Culture’ coordinado polo prof. Luis Dominguez, organizáronse as visitas participativas aos centros escolares para preparar as unidades didácticas sobre cultura europea, impartiuse a formación para o profesorado de primaria e secundaria e desenvolveuse a App sobre cultura europea.
- Convocatoria KA2, asociacións estratéxicas (7 proxectos): dous novos KA2 en 2017: 1) ILSA: ‘Interlingual Live Subtitling for Access’, coordinado pola UVigo e o prof. Pablo Romero e a coordinación técnica de Eva Garea, cun orzamento de 245.643 €. Nesta primeira anualidade organizouse a reunión inaugural con tódolos socios; 2) ADLES: ‘Active Digital Learning Environments in Schools, coordinado polo prof Martín Llamas. Continuouse traballando nos 5 proxectos en vigor: 3) LSTI, coordinado pola prof. Susana Cruces, que participou xunto con 5 estudantes da UVigo no curso intensivo realizado en Francia; 4) DiamonDT, coordinado polo prof. Manuel Fernández. A UVigo participou en Lodz na reunión de peche para a presentación das ferramentas ‘DT toolbox e DT handbok’; 5) KIPAM: organizouse na UVigo o ‘Training for Academic Staff and Trainers of 50+ learners’ e participou na conferencia final en Poznan; 6) LEAP, coordinado polo prof. Manuel Caeiro e a realización da publicación ‘Desarrollo Ágil e Lean’ e o evento multiplicador LEAP en Oporto; 7) Educo2Cean: a ORI tramitou os gastos das actividades desenvolvidas polo Campus do Mar. Convocatoria KA2, Capacity Building (5 proxectos): realizáronse as actividades do proxecto CBHE Experes, ‘Les TICS appliquées à l’expérimentation scientifique’ coordinado pola Universidad de Murcia e na UVigo

pola prof. Rebeca Díaz, coa asistencia á 3ª reunión de seguimento en Leon en febreiro de 2017, e en xullo de 2017 na Université Chouaib Doukkali d’El Jadida, Marrocos durante a que se presentaron os resultados da conceptualización e testado dos traballos prácticos. Neste curso académico a UVigo acadou un grande éxito na obtención de proxectos CBHE cun total de 4 novas propostas aprobadas con orzamentos cercanos ao millón de euros por proxecto. No marco do proxecto CBHE MarMOOC: Apprentissage Hybride Mutualisé et Ouvert dans les Universités Marocaines, liderado pola UVigo e baixo a coordinación da prof. Rebeca Díaz e a coordinación técnica de Eva Garea, asistíuse à xuntanza en xaneiro de 2017, en Bruxelas, de coordinadores de proxectos europeos CBHE de todo o mundo, celebrouse na UVigo a reunión inaugural coa presenza de todas as institucións do consorcio, incluído o Ministerio de Educación de Marrocos, organizáronse as sesións formativas para técnicos e docentes sobre os MOOCs e SPOOCs na UVigo e na Université Pierre et Marie Curie de París e lanzouse a caravana informativa dos Moocs polas universidades marroquís. 3 novos proxectos en calidade de socios con Marrocos, Vietnam e Camboia, que organizaron as súas reunións inagurais e aprobaron a primeira anualidade de actividades: EVAL: Exploitation des Compétences et Valorisation des acquis e LMPI: Licence, Master professionnels pour le développement, l’administration, la gestion, la protection des systèmes et réseaux informatiques dans les entreprises coordinados pola prof. Ana Fernández; e DOCKSIDE: DOctoral program in Khmer universities Strengthening the International Development of Environmental and maritime research coordinado polo prof. Manuel Varela.

- Convocatoria KA2, Alianzas do Coñecemento (1 proxecto): a UVigo logrou un proxecto nesta convocatoria de alta competitividade con CAPUS, coordinado pola prof. Teresa Rivas e cun orzamento de 52.548 euros para a UVigo.
- Convocatoria KA3, de Apoio a Reforma de Políticas Educativas (1 proxecto): a UVigo participa por primeira vez na acción KA3 grazas ao proxecto Social Erasmus+: ‘Initiatives for Policy Innovation’ baixo a coordinación da prof. María Isabel Doval e a coordinadora técnica de Eva Garea.

- Convocatoria KA2, Capacity Building CBHE (10 proxectos): a UVigo obtivo un gran éxito nesta convocatoria UE, logrando ser entidade coordinadora de 2 proxectos e participar como socia en 8 con diferentes zonas xeográficas do mundo. 1) Auditum. Este novo proxecto coordinado pola prof. Ana Fernández e coa coordinación técnica de Eva Garea, así como coa experiencia contable de Dolores Ojea, ten un orzamento de 971.026 € para implementar un sistema de auditoría e control interno nas universidades de Marrocos. 2) En MarMOOC, liderado pola UVigo e baixo a coordinación da prof. Rebeca Díaz e a coordinación técnica de Eva Garea, traballouse na licitación do equipamento tecnolóxico e no 1º informe intermedio co cumprimento das actividades previstas: reunións do consorcio, talleres SPOC e acción formativa na UVigo de autenticación. 3) Realizáronse as actividades do proxecto CBHE Experes. 4) A UVigo, ao fronte da calidade, evaluou as actividades do proxecto EVAL, coordinado pola prof. Ana Fernández, e coa participación de M^a Isabel Doval, Ainoa Zabalza, Angel Sánchez e Eva Garea. 5) En DOCKSIDE, coordinado polo prof. Manuel Varela, e coa participación dos prof. Jaime Cabeza e Francisco Torres, recibíuse a unha delegación cambodjana e dúas docentes da UVigo participaron nun workshop en Cambodja. 6) En Vietnam, o equipo UVigo levou a cabo as accións previstas en LMPI: ‘Licence, Master professionnels pour le développement, l’administration, la gestion, la protection des systèmes et réseaux informatiques dans les entreprises’, e no dossier de acreditación das novas formacións para Vietnam. 4 novos proxectos CBHE de 3 anos de duración comezaron a súa andaina durante o curso 2017-2018: 7) ANL-MED: ‘The Algerian national laboratory for maintenance education’, con Arxelia, cooordinado polos profs. Miguel Cacho e Jose Marcos Acevedo; 8) CRECE: ‘Capacity building for renewable energy planning in Cuban higher education institutions’, con Costa Rica, coordinado polo prof. Ángel Sánchez Bermúdez e a coordinadora técnica Eva Garea que viaxaron a Cuba á xuntanza inaugural do proxecto e difundiron a experiencia UVigo nas enerxías. 9) ELEMEND: ‘Electrical Energy Markets and Engineering Education’, con Bosnia & Herzegovina, coordinado pola prof. Rebeca Díaz.; 10) LAPASSION: ‘Latin America Practices and Soft Skills for an Innovation Oriented Network’, con América Latina coordinado pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, no marco do Campus Crea, proxecto no que a UVigo coordina o lote de calidade.
- Programa Creative Europe (1 proxecto): a xestión do proxecto: GBOOK: ‘Gender Identity: Child Readers and Library Collection’, coordinado pola prof. Veljka Ruzicka na UVigo e coa participación das prof. Lourdes Lorenzo, Ana Pereira e Beatriz Rodríguez.
- Convocatoria Erasmus+ Sports (1 proxecto): ‘Active Campus Europe’ coordinado na UVigo polo Director do Servizo de Deportes, Javier Rial e por Eva Garea, inclúe a alianza de 16 servizos de deportes co interese común de promover a actividade física e deportiva. O equipo de traballo na UVigo incluíu aos técnicos do servizo de deportes e ao Prof. da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Vicente Romo Pérez, que acudiron as xuntanzas en Londres e Barcelona deste proxecto. Neste curso púxose en marcha o plan de 10 semanas de exercicio físico destinado a persoas fisicamente inactivas.
- Nas convocatorias da AECID de proxectos de cooperación para o desenvolvemento apoiouse na execución dos proxectos: 1) 2016/ACDE/002460: ‘Método Biointensivo: Innovación para la producción agroecológica de alimentos a nivel familiar en Nicaragua’, coordinado na UVigo polo prof. Xavier Simón e no proxecto 2) 2015/ACDE/002880: ‘Impermeabilización de cubiertas de viviendas elaboradas con material reciclado para familias vulnerables del municipio de Calimete en Cuba’, coordinado pola prof. Carmen María Abreu.
- 3) Realizouse a xestión económica do proxecto Empreamar segundo o convenio asinado entre a UVigo, o Campus do Mar, e a Universidad de Cabo Verde.
- No marco das convocatorias da Xunta de Galicia de proxectos de cooperación para o desenvolvemento apoiouse na execución orzamentaria do proxecto en vigor: Empreender en azul: ‘Transferencia e emprendimento marino en Cabo Verde como estratexia de crecemento de emprego e desenvolvemento económico, social e ambiental’, coordinado na UVigo polo prof. Gonzalo Méndez e un importe total de subvención de 84.264,50 euros.
-


Participación en feiras e encontros internacionais

- Participación na Asamblea Xeral do Grupo Compostela de Universidades, setembro de 2017, na University of Pécs, República Checa. Participación na Feria FIESA en Mendoza, Arxentina e Bos Aires, marzo 2018, así como na EAIE, 12-15 de setembro 2017, Sevilla, España. Asistencia ás Comisións CRUE abril de 2018 en Madrid e ás xornadas do SEPIE, decembro 2017, Madrid e xuño 2018, Santander.

Outras actividades

- 25-29 Xuño 2018: Promoción da Uvigo na Universidade de Xiamen (China) pola Directora de Área de Internacionalización, con especial fincapé na continuación do vixente Programa de mobilidade Erasmus + KA107 con esa institución no contexto do Campus do Mar.
- 5 de Xullo: reunión do Vicerreitor de Internacionalización e da Vicerreitora de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación cos Vicerreitores de internacionalización e responsables das ORIs da USC e a UDC, sobre feiras universitarias (EAIE e NAFTA) e posibilidades de colaboración interuniversitaria.
- 13 de Xullo: reunións do Vicerreitor de Relacións Internacionais co Secretario Xeral de Universidades e o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, da Xunta de Galicia, sobre apoio a internacionalización e reforzo das estruturas de persoal das ORI en mobilidade e proxectos de cooperación educativa.
- 27 de Xullo: reunión virtual do Vicerreitor de Internacionalización, da Directora de Área de Internacionalización e a Responsable de proxectos de cooperación educativa Eva Garea cos responsables de la Red de Asociaciones de Investigadores y Científicos Españoles en el Exterior (RAICEX), en relación cun posible proxecto educativo internacional con financiación para o intercambio de investigadores e foros de discusión de investigadores.
- Xuño/Xullo 2018: Planificación das actividades de internacionalización para o curso 2018/2019.
- Coordinación do convenio da Rede Galega de Cooperación ao desenvolvemento entre as tres universidades galegas financiado pola Xunta de Galicia cun total de 125.000 euros (subvención 2016-2017).





Unidade de Análise e Programas (UAP)


A novidade máis relevante no ano 2017 é a aprobación do Regulamento de Transparencia e Acceso á información pública da Universidade de Vigo, no Consello de Goberno do 9 de Outubro. Este regulamento establece os procedementos internos relacionados coas obrigas de publicidade activa, co dereito de acceso á información pública e co bo goberno. Ao mesmo tempo, non só recolle as obrigas con respecto a información que debe ser publicada, que marcan as leis estatal e autonómica, se non que as amplía, o que nos permite ter un réxime amplo en materia de publicidade activa. Tamén recolle aspectos relacionados co bo goberno, o goberno aberto e os mecanismos de participación cidadá e da comunidade universitaria.

Estatísticas, ránkings e solicitudes de datos


Durante o ano 2017 respóndense 94 solicitudes de datos das que 58 son de clientes internos da propia universidade, mentres que 36 son de demandantes externos (ACSUG, CRUE, prensa...). A 32% das respostas se producen en unha semana ou menos, e o 24% son respondidas no mesmo día.

Como se pode ver nos gráficos a área que ten un maior número de peticións é a académica, seguida pola de persoal, sendo a económica a que un menor número de solicitudes sostén.


Solicitudes por tipo de usuario



Número de solicitudes




TEMPO DE RESPOSTA




- Máis dun mes
- De tres a catro semanas
- Dúas semanas ou menos
- Nunha semana ou menos
- No mesmo día ou ao seguinte

Solicitudes por área



Clasificación



As canles establecidas para a solicitude de datos son por correo electrónico e a través do formulario habilitado no Portal de Transparencia, a través do que se realizaron 36 solicitudes en virtude do dereito de acceso a información pública. Ademais tal e como establece a normativa de transparencia realízase ao final de ano un estudo dos datos máis solicitados co obxecto de incorporalos aos datos publicados no Portal.

Xestión de indicadores dos programas institucionais

A UEP ten encomendadas as tarefas relativas ao cálculo de indicadores de resultados de diversos programas:

- Contrato programa de centros: a UAP realiza en novembro o cálculo dos novos indicadores establecidos na normativa e que servirán de base para o reparto orzamentario correspondente.
- Programa de seguimento de titulacións oficiais: co obxecto de proporcionar ás comisións de centro os indicadores necesarios para a elaboración da memoria de seguimento de titulacións, realizamos o cálculo e publicación na web dos indicadores aprobados no programa.
- Programa de acreditación de titulacións oficiais: a UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores aprobados pola ACSUG, correspondente ás titulacións oficiais que se acreditan cada ano.
- Programa de certificación do Sistema de garantía interna de calidade dos centros: Seguindo o calendario previsto a UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores do panel do Sistema de garantía interna de centros.

Transparencia

Con motivo da entrada en vigor das leis de transparencia estatal e autonómica realízase o análise das obrigas de publicidade activa recollidas nas leis. Para facilitar a visibilidade e accesibilidade da información publicada centralízase a información a través do Portal de transparencia. Así mesmo iniciase a xestión de solicitudes

de dereito de acceso, co deseño do procedemento que é xestionado pola Unidade de análises e programas ata que o regulamento propio da universidade sexa aprobado. Das 36 solicitudes que foron presentadas a través do formulario do portal de transparencia, todas foron estimadas.

Por outra banda a Universidade de Vigo figura no **2º posto no ránking de transparencia de universidades españolas**, no informe elaborado no ano 2016 pola Fundación Compromiso y transparencia.

Sistema integrado de información universitaria

A UAP coordina, en colaboración cos servizos informáticos, as tarefas do Sistema integrado de información universitaria (SIIU), co que se elaboran entre outras as estatísticas do Plan estatístico nacional.


Ao longo do ano, seguindo o calendario previsto, a UAP realiza tarefas de supervisión, contraste cos datos propios e validación dos ficheiros das áreas de bolsas, académica, económica e de recursos humanos.

Por outra banda e dada a utilidade da información existente no SIIU, ao longo do ano realizamos varias descargas de ficheiros dos principais indicadores do Sistema universitario español, e procedemos a súa publicación a través da Secretaría Virtual, de xeito que poida ser accesible a todos os membros da comunidade universitaria.


Sistema de queixas, suxestión e parabéns

No ano 2016 recibíronse a través da caixa de queixas, suxestións e parabéns un total de 667QSPs. De todas elas 535 corresponden ás categorías de demanda, parabén, queixa, reclamación e suxestión. As 132 restantes corresponden as categorías “non clasificable” e “solicitud”, son igualmente analizadas aínda que non se teñen en conta na análise posto que non son, en puridade, queixas, suxestións ou parabéns. Cómpre aclarar que se contestan igualmente.

Clasificación interna QSP 2017.




Tipo de persoas usuarias 2017.



Cartas de servizo

No ano 2017 continúase cos traballos de redacción das Cartas de servizo e a súa revisión pola Comisión Técnica de Calidade, sendo aprobadas as da Asesoría Xurídica, a Secretaría xeral, e I+D.

Motivo 2017.




Responsabilidade social

No segundo trimestre de 2016 a Universidade de Vigo, adhírese ao Pacto Mundial, iniciativa da ONU pola que as empresas e organizacións que se unen á iniciativa comprométese a respectar os dereitos humanos e normas laborais, a preservar o medio ambiente, e a actuar con transparencia nas súas actividades.

Co obxectivo de visibilizar o compromiso da Universidade coa RS, ao longo de 2017 a UAP continúa identificando e publicando a través da web, as actividades da universidade que xeran un considerable impacto directo ou indirecto, socioeconómico e medioambiental, para a universidade mesma, para os seus grupos de interese e para a sociedade en xeral.

Tempo de resposta 2017.



Outras actividades

- Co obxecto de definir e implantar a política de RISP (Reutilización da información do Sector Público) a UAP realiza ao longo do 2017 a definición da mesma, selección da información reutilizable, preparación da mesma, estudo da solución tecnolóxica idónea e definición de termos e condicións de uso.
- Persoal da UAP participa activamente nas reunións da Comisión de Calidade, prestando apoio técnico e administrativo á propia Comisión e as súas comisións delegadas, tanto Técnica como Académica.

Formación

Durante o ano 2017, debido aos cambios realizados tras o concurso de traslados executado no mes de xuño na Universidade de Vigo, todo o persoal de Unidade de Análises e Programas mudou. As necesidades formativas do novo persoal foron detectadas, solicitadas e executadas. O persoal da UAP realizou con aproveitamento a formación que se detalla na seguinte táboa.

Debido á novidade que supuxo para todo o persoal da UAP as súas novas tarefas durante todo o 2017 a súa formación, aprendizaxe persoal e grupal dentro da propia unidade foi constante. Non só para coñecer inicialmente as tarefas executadas na unidade, tamén para poder desenvolverlas no día a día. O que supón todo un reto formativo e de autoaprendizaxe.

| Programa formativo | Organizado | Horas | Programa |
|-----------------------|------------|-------|---|
| Excel | UVigo | 10 | Fórmulas, formato condicional, texto en columnas, táboas dinámicas, presentación gráfica da información e casos prácticos. |
| Microstrategy | UVigo | 10 | Introdución, fontes e información, análise de datos, agrupación e pivotización, esquemas, cálculos e procura de valores, filtros, navegacións e xerarquías, xeración de informes. |
| Programas de calidade | UVigo | 8 | Calidade conceptos básicos, programas de calidade, casos prácticos, aplicacións informáticas para os programas, UVIGODAT e Portal de Transparencia, sistema de queixas, suxestións e parabéns (SQSP). |





Unidade de Igualdade

Día Intenacional da Muller e a Nena na Ciencia, 11 de febreiro

A Universidade de Vigo celebrou no ano 2018 por segunda vez o 11 de febreiro, «Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia». Para isto, continuouse co proxecto “Elas fan CienTec” que se desenvolveu na Escola de Exenería e Telecomunicacións, onde se desenvolveron tres obradoiros do ámbito tecnolóxico; paralelamente, na Escola de Inxeniería Industrial desenvolvéronse outros 3 obradoiros do ámbito tecnolóxico; finalmente, nos Laboratorios do Edificio de Ciencias Experimentais, leváronse a cabo seis obradoiros do ámbito científico. En total, pasaron máis de 100 rapazas de terceiro e cuarto da Educación Secundaria Obrigatoria de institutos ourensanos e vigueses.

Paralelamente, a Unidade de Igualdade en colaboración coa Escola de Enxeñaría Informática, a de Aeroespacial e a Facultade de Ciencias do Campus de Ourense, convocouse o «II Concurso escolar de debuxo e redacción do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia» dirixida aos centros educativos da provincia de Ourense.

Acto institucional do 8 de marzo

Como vén sendo habitual dende hai seis anos, o día 8 de marzo, «Día Internacional das Mulleres» realizouse o acto institucional da Universidade de Vigo no que o reitor fixo entrega do sexto premio uviguala que lle foi concedido a o equipo de periodistas do DUVI da Universidade de Vigo. No acto, realizado na Facultade de Filoloxía, a profesora Belén Martín-Lucas impartiu a conferencia titulada « El carácter neoimperialista de la guerra contra el terror: aportaciones desde los feminismos decoloniales» e Irene Martínez, Laura Rodríguez e Iria Seijas, estudantes do 4º curso de Linguas Extranxeiras, leron o manifesto do alumnado.

Axudas convocadas pola Unidade de Igualdade

Para o ano académico 2017-2018 a Unidade de Igualdade patrocinou, a través das súas convocatorias de axudas, as seguintes actividades para impulsar a perspectiva de xénero na docencia e sensibilizar en materia de igualdade en colaboración con toda a comunidade universitaria:

- Xénero, feminismo e creación visual: posibilidades formativas na imaxe contemporánea
- Os ventres de alugueiro: mercantilización neoliberal do corpo das mulleres
- II Xornadas Muller e rendemento deportivo
- A cultura da violación na nosa sociedade: a manada como caso paradigmático
- Identidades Creativas II
- Feminismo e Teoría do Dereito
- A imaxe da muller na publicidade
- Workshop. Transdisciplinary Approaches to Affect Theory
- IV ciclo conferencias: Unha mirada de xénero
- Conferencia Maureen O'Connor
- Muller e igualdade: A perspectiva de xénero dende o Dereito Financeiro e Tributario
- Maxine Hong Kingston and Gish Jen
- Migrant Shores: poesía das emigrantes en Irlanda, Galicia e Marrocos
- A perspectiva de xénero nas actuacións dos operadores xurídicos
- Falan As publicistAs
- Libro-objecto e xénero. Estudo do libro infantil como artefacto

Actividade de sensibilización contra a violencia de xénero

Co obxectivo de concienciar de que a violencia contra as mulleres é un asunto colectivo, en torno ao 25 de novembro «Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres» organizouse os días 15 e 16 de novembro, no Campus de Vigo e de Pontevedra da Universidade de Vigo as Xornadas tituladas «Xornadas de prevención e sensibilización da violencia sexual na mocidade» en colaboración coa Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña.

A Unidade de Igualdade realizou o “Informe de Acoso Sexual e por razón de sexo” na nosa universidade-iniciativa pioneira nas universidades do noso país-realizado polas profesoras María Lameiras, Yolanda Rodríguez e María Victoria Carrera da propia Universidade de Vigo.

Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade segue a ter como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar e recoñecer o labor das mulleres e as súas achegas ao coñecemento universal e o desenvolvemento social. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- Colaboración co Festival Sinsal Illa de San Simón para a promoción e visibilización do talento feminino realizado entre os días 27 ao 29 de xullo de 2018 na que colaborou a Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo realizando unha acción artística sonora o día 26 de xullo.

Actividades de formación

Dirixido exclusivamente a traballadoras da Universidade de Vigo, a Unidade de Igualdade organizou o curso “Conceptos, legislación y políticas de Igualdad en la Universidad de Vigo” impartido pola profesora María del Mar Fernández Cendón, durante os días 06 a 21 de novembro de 2017, un curso de formación dirixido ao persoal PAS e PDI da Universidade. Asistiron 3 mulleres e 3 homes.

A Unidade de Igualdade, xunto coa Área de Innovación e Formación Educativa, organizou o curso “Incorporación do análise de xénero a investigación (Campus de Vigo)”, os días 19 de abril ao 11 de maio de 2018 impartido pola Catedrática de Socioloxía da Universidade de Valencia, Dña. Capitolina Díaz. A Unidade de Igualdade ofertou una bolsa de formación en concurrencia competitiva, de 11 meses de duración, que foi resolta no mes de xullo de 2018.

Premios

O xurado da quinta edición dos premios ANTONIA FERRÍN MOREIRAS de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero concedeu o primeiro accésit ao traballo titulado «Os riscos laborais dende a perspectiva de xénero» o 10 de xullo de 2018. Nesta edición, o primeiro premio quedou deserto.

O día 05 de decembro de 2017 resolveuse a cuarta edición dos dos Premios EGERIA de introdución da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster. Os traballos gañadores foron:

*Traballos fin de máster:***Ámbito Xurídico-Social:**

- “Acoso sexual e en función do sexo en estudantes universitarias: una violencia invisible e normalizada”.

Autora: Rosana Martínez Román

- “E ti es de ciencias ou de letras?.Estudo sobre a influencia dos estereotipos de xénero na toma de decisión educativas en 4º da ESO e 2º de Bacherelato”

Autora: Monserrat Vilariño Vieltes.

Ámbito Científico-Tecnolóxico:

Deserto

Ámbito Artes e Humanidades:

- “Sex Was ans Postfeminism. A Feminist Analysis of HBO’s Girls”

Autora: Estrela Rivas López.

*Traballos fin de grao:***Ámbito Xurídico-Social:**

- “Música, estereotipos de género y heterosexismo: un análisis cualitativo del CD de los 40 principales 2016”

Autora: Lorena Costa Caride.

Ámbito Científico-Tecnolóxico:

Deserto.

Ámbito Artes e Humanidades:

- “La construcción de estereotipos en la moda: análisis discursivo de los mensajes sobreimpresos en prendas infantiles”

Autora: María González Domínguez.

- “Mainstream Postfeminist in American Horror Story: Coven. A feminist critique of the witch stereotype”.

Autora: Lucía García Cabanas.

Participación en encontros, xornadas e seminarios

A Unidade de Igualdade participou no «XI Encuentro estatal de las Unidades de Igualdad de las universidades públicas españolas» realizado en Ferrol os días 24 e 25 de maio de 2018.


Actividades de visibilización

A Unidade de Igualdade segue a ter como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar e recoñecer o labor das mulleres e as súas achegas ao coñecemento universal e o desenvolvemento social. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- Colaboración co Festival Sinsal Illa de San Simón para a promoción e visibilización do talento feminino realizado entre os días 27 ao 29 de xullo de 2018 na que colaborou a Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo realizando unha acción artística sonora o día 26 de xullo.
- Edición do calendario para o ano 2018 « Equipos de investigación da Univesidade de Vigo con perspectiva de Xénero», do que se fixeron 500 copias e do que hai unha versión descargable na web da Unidade de Igualdade.



Orzamento



Orzamento

| Ingresos | 2018 |
|--|----------------------|
| Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 18.152.000 € |
| Capítulo IV. Transferencias correntes | 119.037.333 € |
| Capítulo V. Ingresos Patrimoniais | 365.000 € |
| Capítulo VI. Alleamento de Investimentos reais | 400.000 € |
| Capítulo VII. Transferencias de Capital | 26.722.626 € |
| Capítulo VIII. Variación de Activos Financeiros | 7.875.129 € |
| Capítulo IX. Variación de Pasivos Financeiros | - € |
| Total Orzamento Ingresos: | 172.552.088 € |

| Gastos | 2018 |
|--|----------------------|
| Capítulo I. Gastos de persoal | 102.641.859 € |
| Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos | 26.956.058 € |
| Capítulo III. Gastos financeiros | 124.450 € |
| Capítulo IV. Transferencias correntes | 7.726.335 € |
| Capítulo V. Fondo de Continxencia | 180.000 € |
| Capítulo VI. Inversións reais | 32.983.386 € |
| Capítulo VIII. Activos financeiros | 140.000 € |
| Capítulo IX. Pasivos financeiros | 1.800.000 € |
| Total Orzamento Gastos: | 172.552.088 € |

